


OPORTUNIDADE

mercado laboral

GALICIA



2014

XUNTA DE GALICIA

Estudo do mercado laboral Galicia 2014

Xunta de Galicia

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

Instituto Galego das Cualificacións

2015



© Xunta de Galicia. “Estudo do mercado laboral Galicia 2014”

EDITA:

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

ELABORA:

Instituto Galego das Cualificacións

ISSN: 1579 - 5675

URL:

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
1.1.- CONTIDO, METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN	2
1.1.1. Perfil sociodemográfico	2
1.1.2. Tecido produtivo	2
1.1.3. Paro rexistrado	3
1.1.4. Contratos	4
1.2.- DEFINICIÓNS E TAXAS	5
2. ANÁLISE DO MERCADO LABORAL	7
2.1. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO	7
2.1.1. Poboación	7
2.1.2. EPA (Enquisa de poboación activa).....	10
2.2. TECIDO PRODUTIVO	14
2.2.1. Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2014.....	14
2.2.2. Evolución do número de empresas	14
2.2.3. Evolución do número de traballadores	16
2.2.4. Evolución do número de autónomos	17
2.2.5. Evolución do número de empresas por sectores.....	18
2.2.6. Evolución do número de traballadores por sectores.....	19
2.2.7. Evolución do número de autónomos por sectores	20
2.3. PARO REXISTRADO	21
2.3.1. Parados rexistrados por xénero	21
2.3.2. Parados rexistrados por provincia	22
2.3.3. Evolución anual do paro rexistrado	23
2.3.4. Evolución mensual do paro rexistrado.....	24
2.3.5. Parados rexistrados por idade e xénero	26
2.3.6. Evolución anual dos parados rexistrados por idade	27
2.3.7. Parados rexistrados por nivel formativo.....	28
2.3.8. Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo	29
2.3.9. Parados rexistrados por antigüidade na demanda.....	30
2.3.10. Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda.....	31
2.3.11. Parados rexistrados por sector económico de procedencia.....	33
2.3.12. Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia	34
2.3.13. Parados rexistrados por gran grupo de ocupación	35
2.3.14. Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación	36
2.3.14.1. As dez ocupacións máis demandadas.....	37
2.3.15. Perfil tipo do demandante parado (xénero masculino) en Galicia ¹	39
2.3.16. Perfil tipo da demandante parada (xénero feminino) en Galicia ¹	39
2.4. CONTRATOS	40
2.4.1. Contratos realizados por xénero.....	40
2.4.2. Contratos realizados por provincia	41
2.4.3. Evolución anual do número de contratos por xénero	42

2.4.4.	<i>Evolución mensual do número de contratos.....</i>	43
2.4.5.	<i>Evolución mensual dos demandantes parados e contratados.....</i>	44
2.4.6.	<i>Contratos por idade e xénero</i>	45
2.4.7.	<i>Evolución anual da contratación por idade</i>	46
2.4.8.	<i>Contratos por nivel formativo.....</i>	47
2.4.9.	<i>Evolución anual da contratación por nivel formativo</i>	48
2.4.10.	<i>Contratos por tipoloxía</i>	50
2.4.11.	<i>Evolución anual da contratación por tipoloxía</i>	51
2.4.12.	<i>Índice de rotación</i>	52
2.4.13.	<i>Mobilidade dos contratos por xénero en Galicia</i>	53
2.4.14.	<i>Contratos por sector económico</i>	53
2.4.15.	<i>Evolución anual da contratación por sector económico</i>	55
2.4.16.	<i>Contratos por gran grupo de ocupación</i>	56
2.4.17.	<i>Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación.....</i>	58
2.4.18.	<i>As dez ocupacións máis contratadas</i>	60
2.4.19.	<i>Perfil tipo do contratado (xénero masculino) en Galicia¹</i>	61
2.4.20.	<i>Perfil tipo da contratado (xénero feminino) en Galicia¹</i>	61

3. CONCLUSIÓNS63

3.1.	DEMOGRAFÍA.....	63
3.2.	PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO.....	63
3.3.	TECIDO PRODUTIVO	64
3.4.	PARO REXISTRADO.....	65
3.5.	CONTRATOS.....	67



1. INTRODUCCIÓN

Un ano máis publicamos o “Estudo do mercado laboral de Galicia” correspondente ao exercicio 2014. É esta unha publicación do Instituto Galego das Cualificacións, organismo adscrito á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, segundo queda establecido no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG núm. 232, do 04.12.2015)

A Subdirección Xeral das Cualificacións consta de dúas unidades con nivel orgánico de servizo: o Servizo de Observatorio do Emprego e o Servizo de Acreditación das Cualificacións Profesionais.

No ámbito da observación ocupacional, o Instituto ten encomendadas, entre outras, a función de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas activas da formación profesional para o emprego. Así mesmo, pretende achegar datos básicos de referencia que sirvan para encadrar as características propias do mercado laboral galego nun contexto máis amplo que ilustre sobre as tendencias fundamentais cara ao futuro. Con esta perspectiva, planeouse esta análise da realidade laboral de Galicia que anualmente reflicte os datos máis salientables do noso tecido produtivo e a situación laboral dos seus principais actores.

O *Estudo do mercado laboral, Galicia 2014* é unha publicación de carácter anual iniciada no ano 2003, e segue un esquema semellante ao realizado en períodos precedentes co fin de lle dar unha continuidade a estes informes elaborados con carácter anual. Coa dita análise, o Instituto procura proporcionar información sobre as estruturas ocupacionais e a súa evolución que sirvan de guía para a adaptación das cualificacións profesionais ás necesidades do mercado de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.



1.1.- CONTIDO, METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN

O informe contén unha análise descritiva básica dos seguintes catro bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, o paro e os contratos. A información presentada en cada un destes bloques é o resultado dun traballo de análise da explotación de datos, ademais dunha definición previa para determinar o tipo de categorías máis significativas para observarmos o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- A identificación das variables máis axeitadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos salientables pola súa representatividade.
- A explotación da información obtida directamente das bases de datos do Observatorio, depurando e contrastando os resultados.

Nos seguintes puntos expónse unha descrición do contido de cada un dos bloques temáticos, detallando para cada un deles as bases de datos utilizadas e a metodoloxía aplicada.

1.1.1. Perfil sociodemográfico

Neste bloque óptase por facer unha aproximación aos datos de poboación e aos seus desenvolvementos pola Enquisa de poboación activa (EPA) na análise do mercado laboral galego e español: as poboacións activa, parada e ocupada do ano 2014. Debido a que, tanto os datos para a nosa Comunidade Autónoma como as definicións e a metodoloxía están contidas na citada Enquisa de poboación activa (EPA) que publica o Instituto Galego de Estatística, utilizaremos a dita fonte de datos.

1.1.2. Tecido produtivo

Neste punto resúmense os datos cuantitativos das principais variables que conforman o tecido produtivo galego: empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos. Como expresamos anteriormente as ditas variables terán un desenvolvemento cuantitativo na actualidade (2014) e ao longo dos últimos cinco anos (2010 / 2014). A información utilizada neste apartado orixínase, fundamentalmente, a partir da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos), e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizarmos esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que logo, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego, porque, ademais, considera a totalidade dos sectores económicos e porque tamén aporta series de datos de diferentes anos que posibilitan realizarmos estudos evolutivos.

Hai que salientar aquí que os datos se ofrecen a través de táboas e gráficos estruturados segundo dúas epígrafes: unha, sincrónica, dedicada á situación actual das citadas variables, e outra, diacrónica, que reflicte a súa evolución nos cinco últimos anos.

Como limitación metodolóxica, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao proviren de contas de cotización, pode aparecer *inflada* debido á posibilidade de converxeren varias contas de cotización nunha mesma empresa. En concreto, por exemplo, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por distintos motivos: por ter sedes en diferentes territorios, aparecendo neste caso unha conta de cotización por territorio; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais (pois, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgúns empresas os que se estableceron anteriormente); por ter contratado un axente de comercio; ou, incluso, por contratar artistas de forma esporádica.

Finalmente, convén sinalar que, debido á configuración especial dos datos referentes aos traballadores na base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, houbo que agrupar, baixo a epígrafe de “traballadores”, os datos dos traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, do réxime especial agrícola por conta allea, do mar por conta allea, do carbón, empregados de fogar continuos, os traballadores por conta propia agrícolas, os traballadores por conta propia do mar e os empregados de fogar discontinuos. Así, baixo o concepto de autónomos inclúense só os traballadores por conta propia pertencentes a este réxime especial.

1.1.3. Paro rexistrado

Enténdese por paro rexistrado o total da demanda de emprego en alta rexistrada polo Servizo Público de Emprego existente o último día de cada mes, excluindo a correspondente a situacións laborais descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado. Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, de mellora de emprego, os que participan en traballos de colaboración social, os que solicitan emprego conxuntural, os estudantes, etc.

Así o colectivo de parados refírese exclusivamente a todas as persoas de 16 e máis anos que se atopan sen traballo, dispoñibles para traballaren e procurando activamente emprego, e, polo tanto, rexistrados no Servizo de Emprego da nosa Comunidade Autónoma. O estudo do paro rexistrado deste informe do mercado laboral remata finalmente na análise do perfil básico dos parados de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de parado/a existente en Galicia co propósito de esculcarmos os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

Como quedou expresado anteriormente, a información utilizada no estudo provén das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e a súa análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros.

Por outra banda, a información da demanda de emprego en Galicia completouse con datos evolutivos para posibilitarmos a comparación temporal destes.



1.1.4. Contratos

O estudo da contratación neste informe limítase aos contratos formalizados e rexistrados polas oficinas de emprego de Galicia, ofrecendo unha visión das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2014, utilizando para a súa análise a base de datos que lle serve de soporte á “Sección de contratos” das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un aspecto importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información de relevo sobre o seu comportamento no eido da nosa comunidade autónoma. Esta caracterización inclúe distintos apartados con valoracións das evolucións anuais do ano 2010 ao 2014.

1.2.- DEFINICIÓNS E TAXAS

Nas análises cuantitativas deste estudo utilízanse unha serie de indicadores matemáticos para cuantificar certas variables, xa citadas, de todo tipo. A continuación imos describilas brevemente utilizando as definicións propias publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Poboación economicamente activa: é o conxunto de persoas, de 16 e máis anos, que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporárense á produción. A poboación economicamente activa divídese en ocupada e parada.

Inactivos: a poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia, entre as que se atopan principalmente os estudantes, persoas que se ocupan do seu fogar, xubilados ou prexubilados, pensionistas, incapacitados para traballar ou outras situacións semellantes.

Ocupados: son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

Parados: considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscaren un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente.
- Dispoñibles para traballar, é dicir, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir da data da entrevista.

Taxa de actividade: é o cociente entre o número total de activos e a poboación de 16 e máis anos total.

Taxa de paro: é o cociente entre o número de parados e o de activos.

Taxa de ocupación: representa a porcentaxe das persoas con emprego sobre a poboación en idade laboral — de 16 e máis anos — .

As **taxas** utilizadas nos diferentes puntos do estudo do mercado laboral son as seguintes:



- Variación interanual: é igual ao número de contratos do ano x menos as do ano anterior x-1, dividido polo número de contratos do x-1 e multiplicado por 100. É dicir, a variación entre os anos 12-13 obteríase do seguinte xeito¹:

$$\% \text{ Var. interanual}_{12-13} = \frac{C_{13} - C_{12}}{C_{12}} \times 100$$

Calcularíamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- Variación media anual: obtense da fórmula do xuro composto. Se chamamos C2013 e C2010 ao número de contratos nos anos 2013 e 2010, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte²:

$$\% \text{ VMA} = \left(\sqrt[3]{\frac{C_{2013}}{C_{2010}}} - 1 \right) \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos cales se pretende calcular a media, neste caso $3 - 1 = 2$, o que implica unha *raíz cadrada*)

Obteríamos desta forma o crecemento medio acadado nos tres anos estudados³.

CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase na CNAE-09.

Nalgúns apartados aparecen táboas co CNAE-09 estruturado cun nivel consistente en rúbricas identificadas mediante un código numérico de dúas cifras e, noutros, as actividades do CNAE-09 agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificarmos a comprensión de táboas e gráficos.

¹ Cando os datos referentes ao primeiro ano son iguais a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

² Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

³ Os exemplos citados fan referencia á parte dos contratos, aínda que serían igualmente válidos para explicar os diferentes puntos do estudo. Só deberíamos ter en conta que, ao tratar cinco anos de análise, a variación media se calcularía como unha raíz cuarta.

Existe, así mesmo, a fórmula equivalente: taxa de crecemento anual acumulativo:

$$\text{TCAC}(t_0, t_n) = \left(\frac{V(t_n)}{V(t_0)} \right)^{1/(t_n - t_0)} - 1$$

Onde $V(t_0)$ é o valor inicial, $V(t_n)$, o valor final e $t_n - t_0$, o número de anos

2. ANÁLISE DO MERCADO LABORAL

2.1. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

2.1.1. Poboación

Cos datos oficiais do Padrón Municipal de Habitantes do día 1 de xaneiro de 2014, a poboación total de Galicia ascendía a 2.748.695 persoas, cifra que representa o 5,88% do total da poboación do Estado. Por sexo, o peso do colectivo feminino é lixeiramente superior ao masculino, tanto en Galicia, como no conxunto do Estado. De atendermos a evolución interanual da poboación, a cifra de residentes na nosa comunidade reduciuse en 17.245 persoas, (arredor do -0,62%). Así mesmo, no Estado, houbo unha redución do - 0,76%.

	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
GALICIA	1.325.657	1.423.038	2.748.695	48,23	51,77
ESPAÑA	22.985.676	23.785.665	46.771.341	49,22	50,78

Fonte: INE: Padrón Municipal de habitantes

En canto á poboación estranxeira que residía en Galicia era de 98.245 persoas (o que supoñía o 3,57% do total da poboación), das cales 49.241 eran homes e 49.004 mulleres, o que contrasta tanto coa poboación total de Galicia como coa poboación total de España onde, como constatamos, as mulleres son maioría.

O comportamento deste colectivo, respecto ao ano pasado foi unha diminución de - 11.717 persoas, o que supón un incremento na tendencia desfavorable na variación do número de residentes deste colectivo iniciada en 2013 (ao pasar do -1,98% ao -10,66%), o cal contribuíu a que a poboación total diminuíse (aínda que fose lixeiramente), verbo á do ano anterior, contribuíndo así ao dito descenso da poboación total da nosa Comunidade durante o último ano.



A poboación por xénero e grupos quinquenais de idade. Ano 2014 Galicia


	Total	Homes	Mulleres
Total	2.748.695	1.325.657	1.423.038
0-4	106.842	55.178	51.664
5-9	113.601	58.360	55.241
10-14	106.728	54.889	51.839
15-19	104.449	53.665	50.784
20-24	124.527	63.596	60.931
25-29	147.488	74.296	73.192
30-34	193.864	97.827	96.037
35-39	228.450	114.809	113.641
40-44	216.920	108.252	108.668
45-49	208.769	103.407	105.362
50-54	198.164	97.721	100.443
55-59	182.604	89.198	93.406
60-64	168.244	81.457	86.787
65-69	166.170	78.687	87.483
70-74	133.526	60.836	72.690
75-79	130.984	55.808	75.176
80-84	113.480	44.469	69.011
85 e máis	103.885	33.202	70.683

Fonte: IGE. Series históricas de poboación. Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade

Os datos que ilustra a táboa anterior recollen una situación moi semellante á dos anos precedentes; nacen máis nenos que nenas superando os homes ás mulleres ata a idade de 39 anos, proporción que se inverte a partir de aquí, sendo a diferenza moi destacable nas idades máis avanzadas, chegando incluso as mulleres a duplicar o número de homes no último tramo de idade (“85 e máis”).

En canto á estrutura por idades, o grupo de idade maioritario é o tramo de 35 a 39 anos.

Pirámide de poboación de Galicia no ano 2014



Como consecuencia dos datos anteriores, a pirámide de idade presenta unha silueta moi parecida á dos anos anteriores. Concentra a maior parte da poboación nas idades centrais cunha base moi estreita o que nos está a indicar que a proporción de nenos que nacen na nosa comunidade é moi baixa. Pola contra, a poboación que conta con máis de 65 anos ten un peso demográfico moi importante (especialmente, o colectivo feminino, xa que a muller chega a idades máis avanzadas), o que fai que Galicia presente un dos niveis máis altos de envellecemento.



2.1.2. EPA (Enquisa de poboación activa)

A continuación amósanse as características da Enquisa de poboación activa elaborada polo IGE e mais polo INE (poboación activa, parada e ocupada). Habemos ter en conta que a EPA proporciona, como sabemos, estimacións a partir dunha enquisa, e polo tanto, non se trata de datos exactos.

Taxas de actividade, emprego e paro por xénero. Galicia

	Taxa de actividade			Taxa de paro			Taxa de emprego		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
2013TI	54,2	60,0	48,8	22,3	22,5	22,0	42,1	46,5	38,1
2013TII	54,3	60,1	49,1	22,4	22,4	22,4	42,2	46,6	38,1
2013TIII	54,2	60,1	48,9	21,6	22,0	21,2	42,5	46,9	38,5
2013TIV	54,0	59,3	49,1	21,9	22,5	21,2	42,2	46,0	38,7
2014TI	53,9	59,0	49,3	23,2	23,7	22,7	41,4	45,1	38,1
2014TII	53,9	58,8	49,3	22,3	22,0	22,6	41,9	45,8	38,2
2014TIII	53,9	59,5	48,7	20,2	20,0	20,5	43,0	47,6	38,7
2014TIV	53,5	58,6	48,7	20,9	20,8	21,0	42,3	46,4	38,5

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Metodoloxía EPA 2005

Taxas de actividade, emprego e paro por xénero. España

	Taxa de actividade			Taxa de paro			Taxa de emprego		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
2013TI	60,2	66,6	54,1	26,9	26,7	27,3	44,0	48,8	39,3
2013TII	60,0	66,3	54,0	26,1	25,5	26,7	44,4	49,4	39,6
2013TIII	60,0	66,6	53,8	25,7	25,2	26,2	44,6	49,8	39,7
2013TIV	59,9	66,1	54,0	25,7	25,0	26,5	44,5	49,5	39,6
2014TI	59,5	65,5	53,8	25,9	25,4	26,6	44,1	48,9	39,5
2014TII	59,6	65,9	53,7	24,5	23,7	25,4	45,0	50,3	40,1
2014TIII	59,5	66,0	53,4	23,7	22,5	25,0	45,4	51,2	40,0
2014TIV	59,8	66,0	53,9	23,7	22,8	24,7	45,6	50,9	40,6

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa. Metodoloxía EPA 2005

- **A taxa de actividade** de Galicia no derradeiro trimestre de 2014 foi do 53,5% (0,5 décimas menos respecto ao mesmo período do ano anterior: 54,0%). Ao longo de 2014, do primeiro ao cuarto trimestre, a dita taxa de actividade diminuíu en 0,4 décimas. E, en promedio anual

2013 / 2014, a diminución foi, igualmente, de 0,4 décimas (54,2% – 53,8%, respectivamente).

De termos en conta a variable sexo, a taxa de actividade masculina segue sendo maior cá feminina en 9,9 puntos (no cuarto trimestre de 2014). É este colectivo, o masculino, tamén é o que presenta o descenso anual máis notable, -0,7 puntos, medido entre as taxas dos cuartos trimestres, mentres que a taxa de actividade feminina só o fixo en - 0,4 puntos.

No ámbito estatal a taxa de actividade no derradeiro trimestre de 2014 foi de 59,8 %, o que a sitúa en 6,27 puntos por riba da galega. Por outra parte, tamén en España esta taxa descendeu en 0,09 centésimas respecto ao cuarto trimestre do ano anterior, 2013. Por xénero, a taxa de actividade masculina, en promedio anual 2014, foi do 65,8% mentres que a feminina foi do 53,7%, (porcentaxes por encima dos galegos: 59,0% e 49,0%, respectivamente) o que amosa, igualmente, para o ámbito estatal, que a taxa de actividade masculina é superior á feminina en 12,2 puntos.



- **A taxa de paro, en Galicia**, comeza cunha alta taxa de paro no primeiro trimestre de 2014 (23,2%, máximo valor anual!), diminúe logo lixeiramente, no segundo trimestre (22,3%), diminución que se continúa no terceiro trimestre de 2014 (20,2%), e rematando 2014 cunha nova suba ata 20,9%. En promedio anual 2013 / 2014, a taxa de paro *diminuíu* en Galicia en - 0,3 puntos (22,0% – 21,7%, respectivamente), diferenza anual *moi inferior* á do bienio anterior (1,5 puntos). Finalmente comeza o ano 2015 cunha nova suba ata os 21,8%. **Por sexo**, no primeiro trimestre do 2014, a taxa de paro masculina galega era de 23,7% e, a feminina de 22,7% o que supuso unha diferenza de - 1 punto. Pero no último trimestre a dita diferenza tórnase a desfavorable para o colectivo de mulleres: 0,2 décimas, rompendo así coa tendencia dos dous anos anteriores na que a taxa de paro feminina era inferior á masculina.


De compararmos as taxas de paro de Galicia coas de España, tal e como acontecía en anos anteriores, as cifras saen favorables á nosa comunidade, situándose a taxa do Estado, en promedio anual 2014, en 24,4%, é dicir, 2,7 puntos por riba da de Galicia. O mesmo acontece de facermos a análise por sexo, xa que a taxa de paro masculina, igualmente en promedio anual 2014, foi do 23,6% e a feminina de 25,4%. Resultando no conxunto de España unha taxa de paro feminina superior á masculina de 1,8 punto. Como se expresou no anterior parágrafo, no 2014, a taxa de paro galega feminina torna a tendencia seguida no 2012 e no 2013, voltando a ser, igualmente, superior á taxa de paro masculina nunha décima (0,1 punto).

- **A taxa de emprego** de Galicia, tras se desplomar nun 0,8 puntos entre o cuarto trimestre de 2013 e o primeiro trimestre de 2014, incrementouse en 0,9 décimas ao longo de 2014, rematando 2014 nun 42,3%. Por sexo, a taxa de emprego masculina foi, en promedio anual, de 46,2%, 7,8 puntos por encima da feminina; tamén por sexo a variación durante os trimestres de 2014 foi positiva (1,3 e 0,4, respectivamente), pero se atendemos a variación interanual (valores promedio dos trimestres de 2013 e 2014), esta foi negativa para os homes (-0,3) e minimamente positiva para as mulleres (0,1).

Se comparamos os datos co conxunto do Estado, vemos que a taxa de emprego anual estatal no 2014 *mantén* a súa diferenza verbo da galega resultando 2,9 puntos por riba dela, tanto no total, como por sexos, situándose os valores das taxas de emprego de España en 45,04% para ambos sexos, 50,29%, para a taxa de emprego masculina e 40,03% para a feminina.

Por outra parte, a taxa de emprego de España, logo dunha baixada de 0,41 centésimas entre o derradeiro trimestre de 2013 e o primeiro trimestre de 2014, *troca de tendencia* durante os trimestres de 2014, sendo, finalmente a variación interanual entre os promedios dos trimestres de 2013 e os de 2014, positiva: 0,7 puntos (44,4% e 45,0%, respectivamente).








2.2. TECIDO PRODUTIVO

2.2.1. Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2014

	Autónomos	%	Empresas	%	Traballadores	%
A CORUÑA	87.843	40,37%	52.388	40,55%	303.772	43,52%
LUGO	36.630	16,84%	17.828	13,80%	77.996	11,17%
OURENSE	26.052	11,97%	15.377	11,90%	71.980	10,31%
PONTEVEDRA	67.051	30,82%	43.613	33,75%	244.332	35,00%
TOTAL	217.576	100%	129.206	100%	698.080	100%

Se atendemos aos datos da táboa anterior, observamos que o tecido produtivo de Galicia mantén un comportamento practicamente inalterable ao do ano anterior. A metade occidental de Galicia, que se corresponde coas provincias da Coruña e de Pontevedra concentran aproximadamente as tres cuartas partes do volume total, tanto das empresas como dos traballadores e dos autónomos.




2.2.2. Evolución do número de empresas

De atendermos á evolución do número de empresas, vemos como as catro provincias experimentaron unha diminución continua dende o ano 2010 ata o 2013, agás no ano 2012, onde observamos un aumento moi destacado do número de empresas. A explicación a este incremento tan acusado das empresas hai que enmarcalo nos cambios producidos na Seguridade Social, onde a partir de xaneiro de 2012 o réxime especial de empregados do fogar se integrou no réxime xeral. Pero se atendemos ás cifras do ano 2014, observamos **un cambio de tendencia**, pasando as catro provincias a porcentaxes

positivos. Por último, hai que dicir que as variacións medias anuais continúan incrementando os seus valores nas catro provincias, pero, sen dúbida, estes datos positivos veñen condicionados polos cambios, xa comentados da Seguridade Social no ano 2012, aos que hai que engadir o dito cambio de tendencia en 2014.

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2010d	2011d	2012d	2013d	2014d	2010%v	2011%v	2012%v	2013%v	2014%v	V.M. anual
A CORUÑA	45.361	44.768	44.039	52.724	52.325	52.388	- 593	- 729	8.685	- 399	63	-1,31%	-1,63%	19,72%	-0,76%	0,12%	4,01%
LUGO	15.217	14.930	14.565	17.572	17.534	17.828	- 287	- 365	3.007	- 38	294	-1,89%	-2,44%	20,65%	-0,22%	1,68%	4,53%
OURENSE	13.212	13.123	12.835	15.311	15.292	15.377	- 89	- 288	2.476	- 19	85	-0,67%	-2,19%	19,29%	-0,12%	0,56%	4,04%
PONTEVEDRA	40.564	39.799	38.842	43.715	43.125	43.613	- 765	- 957	4.873	- 590	488	-1,89%	-2,40%	12,55%	-1,35%	1,13%	2,31%
TOTAL	114.354	112.620	110.281	129.322	128.276	129.206	- 1.734	- 2.339	19.041	- 1.046	930	-1,52%	-2,08%	17,27%	-0,81%	0,87%	3,49%

Evolución anual do número de empresas por sectores 2010 / 2014





2.2.3. Evolución do número de traballadores


	2010	2011	2012	2013	2014	d2011	d2012	d2013	d2014	%_2011	%_2012	%_2013	%_2014	V.M. anual
A CORUÑA	330.093	320.098	306.161	301.586	303.772	-9.995	-13.937	-4.575	2.186	-3,03%	-4,35%	-1,49%	0,72%	-2,06%
LUGO	86.036	83.753	79.349	76.687	77.996	-2.283	-4.404	-2.662	1.309	-2,65%	-5,26%	-3,35%	1,71%	-2,42%
OURENSE	78.143	75.693	72.623	71.382	71.980	-2.450	-3.070	-1.241	598	-3,14%	-4,06%	-1,71%	0,84%	-2,03%
PONTEVEDRA	273.008	259.585	245.991	241.573	244.332	-13.423	-13.594	-4.418	2.759	-4,92%	-5,24%	-1,80%	1,14%	-2,74%
TOTAL	767.280	739.129	704.124	691.228	698.080	-28.151	-35.005	-12.896	6.852	-3,67%	-4,74%	-1,83%	0,99%	-2,34%

A evolución do número de traballadores nos últimos cinco anos foi negativa nas catro provincias, aínda que foi a de Pontevedra a que rexistrou o descenso máis importante, en termos relativos, rematando o quinquenio cunha variación media anual de -2,74%; pola contra, a variación menor foi a de Ourense con -2,03%.

Se a análise se fai ano a ano, todas as provincias teñen un comportamento uniforme ata o ano 2014, perdendo traballadores todos os anos de xeito progresivo desde 2010; no 2013, aínda que tamén descenden, o ritmo de caída é máis moderado. **Por vez primeira nos últimos anos o exercicio 2014 presenta díxitos positivos.**

Por último, de atendermos as cifras absolutas, no ano 2014 había en Galicia 69.200 afiliados menos que no ano 2010.

Evolución do número de traballadores 2010 /2014




2.2.4. Evolución do número de autónomos

	2010	2011	2012	2013	2014	2011d	2012d	2013d	2014d	2011%v	2012%v	2013%v	2014%v	V.M. anual
A CORUÑA	87.914	86.670	85.758	86.262	87.843	-1.244	-912	504	1.581	-1,42%	-1,05%	0,59%	1,83%	-0,02%
LUGO	38.131	37.507	36.969	36.671	36.630	-624	-538	-298	-41	-1,64%	-1,43%	-0,81%	-0,11%	-1,00%
OURENSE	26.486	26.217	25.920	25.818	26.052	-269	-297	-102	234	-1,02%	-1,13%	-0,39%	0,91%	-0,41%
PONTEVEDRA	67.902	67.002	65.793	65.695	67.051	-900	-1209	-98	1356	-1,33%	-1,80%	-0,15%	2,06%	-0,31%
TOTAL	220.433	217.396	214.440	214.446	217.576	-3.037	-2.956	6	3.130	-1,38%	-1,36%	0,00%	1,46%	-0,33%

O número de autónomos no período 2010-2014 mantivo unha redución continuada ano expresada na Variación media anual que se mantén, para as catro provincias con díxitos negativos. Obsérvase, así mesmo, unha mellora na evolución interanual 2013/2014, onda, agás para a provincia de Lugo, figuran unhas porcentaxes de evolución positivas, continuando así o leve troco de tendencia favorable iniciada no 2013, ano no que se produciu un estancamento global na dita evolución anual.

Por último, de atendermos o número absoluto de autónomos, pasaron de 220.433 no 2010 a 217.576 no 2014, o que supuxo unha redución de 2.857 cotizantes.

Evolución do número de autónomos por provincia 2010 / 2014






2.2.5. Evolución do número de empresas por sectores

	2010	2011	2012	2013	2014	d2011	d2012	d2013	d2014	2011%	2012%	2013%	2014%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	5.993	6.122	6.100	6.218	6.364	129	-22	118	146	2,15%	-0,36%	1,93%	2,35%	1,51%
SECTOR SECUNDARIO	10.068	9.636	9.148	8.811	8.868	-432	-488	-337	57	-4,29%	-5,06%	-3,68%	0,65%	-3,12%
SECTOR CONSTRUCCIÓN	13.482	11.836	9.930	9.120	9.200	-1.646	-1.906	-810	80	-12,21%	-16,10%	-8,16%	0,88%	-9,11%
SECTOR SERVICIOS	83.073	82.683	104.140	104.123	104.770	-390	21.457	-17	647	-0,47%	25,95%	-0,02%	0,62%	5,97%
SEN ACTIVIDADE	4	4	4	4	4	0	0	0	0	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
TOTAL	112.620	110.281	129.322	128.276	129.206	-2.339	19.041	-1.046	930	-2,08%	17,27%	-0,81%	0,72%	3,49%

En relación ao número de empresas por sectores os datos amosan unha lixeira mellora no 2014. En xeral, houbo un descenso continuado no número de empresas ao longo de todo o período 2010 /2014 coa excepción do sector primario (agricultura, gandería e pesca) que aumentou lixeiramente no anos 2011, 2013 e 2014, o que deu como resultado que acadase unha variación media anual positiva do 1,51%. A outra excepción foi o sector servizos, o cal no ano 2012 incrementou en 21.457 empresas (25,95%), pero todo apunta a que este aumento tan notable está relacionado cos cambios producidos este ano na Seguridade Social, relativos aos empregados do fogar, xa comentados en parágrafos anteriores; no resto dos anos este sector tamén rexistra un descenso no número de empresas, agás no 2014 que presente un lixeiro incremento. No que respecta á industria e á construción o exercicio 2014 aporta, por vez primeira en varios anos, uns díxitos positivos malia que a variación media anual continúa cunha evolución negativa.

Evolución anual do número de empresas por sectores 2010 / 2014




2.2.6. Evolución do número de traballadores por sectores

	2010	2011	2012	2013	2014	d2011	d2012	d2013	d2014	2011%	2012%	2013%	2014%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	29.921	29.605	28.387	27.413	27.487	-316	-1.218	-974	74	-1,06%	-4,11%	-3,43%	0,27%	-2,10%
SECTOR SECUNDARIO	132.177	124.780	117.231	113.051	111.493	-7.397	-7.549	-4.180	-1.558	-5,60%	-6,05%	-3,57%	-1,38%	-4,17%
SECTOR CONSTRUCCIÓN	70.530	57.341	45.590	41.988	41.244	-13.189	-11.751	-3.602	-744	-18,70%	-20,49%	-7,90%	-1,77%	-12,55%
SECTOR SERVIZOS	525.900	519.197	510.600	507.039	516.463	-6.703	-8.597	-3.561	9.424	-1,27%	-1,66%	-0,70%	1,86%	-0,45%
SEN ACTIVIDADE	8.752	8.206	2.316	1.737	1.393	-546	-5890	-579	-344	-6,24%	-71,78%	-25,00%	-19,80%	-36,84%
TOTAL	767.280	739.129	704.124	691.228	698.080	-28.151	-35.005	-12.896	6.852	-3,67%	-4,74%	-1,83%	0,99%	-2,34%

Ao analizarmos os datos da evolución dos traballadores por sectores, observamos que o número de traballadores afiliados rexistraron un descenso continuado; esta redución non afectou por igual a todos os anos nin a todos os sectores. Así o ritmo de caída foi menor nos anos 2013 e 2014, ano, este, que presenta incluso dñitos favorables tanto no sector primario como no sector servizos e na evolución total.

En canto aos sectores concretos, a construción foi a que acadou as maiores perdas, concretamente neste período 2010/2014 rexistrouse unha redución de 29.286 traballadores o que fixo que acadase a variación media anual máis negativa (-12,55%). No resto dos sectores tamén se produce unha diminución dos traballadores pero moito máis tenue, oscilando entre a a industria que acada unha variación media anual do -4,17% e os servizos co -0,45%. O **sector "Sen Actividade"** presenta unha **alteración negativa importante** na súa evolución media anual trala exclusión do período estudado do ano 2009.

Evolución do número de traballadores por sectores 2010 / 2014






2.2.7. Evolución do número de autónomos por sectores

	2010	2011	2012	2013	2014	d2011	d2012	d2013	d2014	2011%	2012%	2013%	2014%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	40.109	38.057	36.477	35.164	34.284	-2.052	-1.580	-1.313	-880	-5,12%	-4,15%	-3,60%	-2,50%	-3,85%
SECTOR SECUNDARIO	15.079	15.026	14.844	14.627	14.817	-53	-182	-217	190	-0,35%	-1,21%	-1,46%	1,30%	-0,44%
SECTOR CONSTRUCCIÓN	30.582	29.322	27.741	27.259	27.818	-1.260	-1.581	-482	559	-4,12%	-5,39%	-1,74%	2,05%	-2,34%
SECTOR SERVICIOS	134.663	134.991	135.378	137.396	140.657	328	387	2018	3261	0,24%	0,29%	1,49%	2,37%	1,09%
TOTAL	220.433	217.396	214.440	214.446	217.576	-3037	-2956	6	3.130	-1,38%	-1,36%	0,00%	1,46%	-0,33%

No 2014 obsérvase, por vez primeira en varios anos, un troco de tendencia: o total de Autónomos increméntase, verbo as cifras de 2013, nun 1,46%, **dando fin á negativa evolución anterior**, onda, nos anteriores últimos cinco anos, o número de traballadores autónomos viña descendendo de forma continuada nos sectores primario, secundario e na construción. Pola contra, o sector servizos logrou aumentar de xeito moderado a longo de todo o período estudado 2010 /2014, sendo o único sector que remata o quinquenio cunha variación media anual positiva do 1,09%. O resto dos sectores manteñen unha evolución media anual negativa, sendo o sector secundario o que presenta un descenso máis moderado (-0.44%).

Evolución do número de autónomos por sectores 2010 / 2014



2.3. PARO REXISTRADO

Nesta epígrafe analízanse os datos dos demandantes parados rexistrados en 2014 no Servizo Público de Emprego de Galicia.

2.3.1. Parados rexistrados por xénero


	Homes	Mulleres	Total
GALICIA	121.392	130.526	251.918
ESPAÑA	2.112.508	2.335.203	4.447.711

A cifra total de parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, a 31 de decembro de 2014, foi de 251.918 persoas, das cales o 48,19% eran homes e o 51,81% mulleres.

Volve a aumentar, tras dous anos, a diferenza no número de parados a prol dos homes, o que supón que a distancia que existía entres os dous colectivos volve a aumentar en contra das mulleres.

En canto á evolución anual, o número de desempregados volve a diminuír Galicia por segunda vez consecutiva nos últimos anos: en 19.145 persoas verbo do ano 2013, o que supuxo unha diminución do -7,06%.

Parados rexistrados por xénero. Galicia 2014






2.3.2. Parados rexistrados por provincia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
A CORUÑA	48.333	39,82%	50.900	39,00%	99.233	39,39%
LUGO	12.551	10,34%	12.392	9,49%	24.943	9,90%
OURENSE	13.130	10,82%	14.184	10,87%	27.314	10,84%
PONTEVEDRA	47.378	39,03%	53.050	40,64%	100.428	39,87%
GALICIA	121.392	100%	130.526	100%	251.918	100%

En canto aos parados rexistrados por provincias, as cifras máis elevadas sitúanse nas provincias da Coruña e Pontevedra, englobando estas dúas provincias a case 8 de cada 10 parados rexistrados na nosa comunidade. Como novidade advertir que o paro rexistrado baixa levemente en todas as provincias galegas.




2.3.3. Evolución anual do paro rexistrado

	2010	2011	2012	2013	2014	2011_d	2012_d	2013_d	2014_d	2011%	2012%	2013%	2014%	V.M. anual
HOMES	111.241	125.775	138.305	132.967	121.392	14.534	12.530	-5.338	-11.575	13,07	9,96	-3,86%	-8,71%	2,21%
MULLERES	126.072	132.459	140.482	138.096	130.526	6.387	8.023	-2.386	-7.570	5,07	6,06	-1,70%	-5,48%	0,87%
TOTAL GALICIA	237.313	258.234	278.787	271.063	251.918	20.921	20.553	-7.724	-19.145	8,82	7,96	-2,77%	-7,06%	1,50%

En relación coa evolución anual do paro rexistrado observamos a continuación da tendencia positiva (diminución do paro rexistrado) iniciada no 2013: se no ano 2013 rompéuse coa dita tendencia por vez primeira en moitos anos durante 2014 continúan as taxas de evolución negativas do paro rexistrado, sendo a evolución da taxa anual, para ambos sexos, a 31/12/2014, do citado - 7,06%.

**Evolución anual do paro rexistrado
2010 / 2014**





2.3.4. Evolución mensual do paro rexistrado


Data	Homes	Mulleres	total	d_Homes	d_Mulleres	d_total	%d_Homes	%d_Mulleres	%d_total
dec-13	132.967	138.096	271.063	2.698	-2.489	209	2,07%	-1,77%	0,08%
xan-14	137.527	143.550	281.077	4.560	5.454	10.014	3,43%	3,95%	3,69%
feb-14	137.182	142.889	280.071	-345	-661	-1.006	-0,25%	-0,46%	-0,36%
mar-14	134.467	141.996	276.463	-2.715	-893	-3.608	-1,98%	-0,62%	-1,29%
abr-14	130.746	139.398	270.144	-3.721	-2.598	-6.319	-2,77%	-1,83%	-2,29%
mai-14	126.380	137.064	263.444	-4.366	-2.334	-6.700	-3,34%	-1,67%	-2,48%
xuñ-14	121.011	131.299	252.310	-5.369	-5.765	-11.134	-4,25%	-4,21%	-4,23%
xul-14	114.849	125.430	240.279	-6.162	-5.869	-12.031	-5,09%	-4,47%	-4,77%
ago-14	112.106	124.833	236.939	-2.743	-597	-3.340	-2,39%	-0,48%	-1,39%
set-14	111.270	126.933	238.203	-836	2.100	1.264	-0,75%	1,68%	0,53%
out-14	114.318	129.726	244.044	3.048	2.793	5.841	2,74%	2,20%	2,45%
nov-14	117.296	131.336	248.632	2.978	1.610	4.588	2,61%	1,24%	1,88%
dec-14	121.392	130.526	251.918	4.096	-810	3.286	3,49%	-0,62%	1,32%

A tendencia mensual que presentan os parados ao longo do ano rexistra unha evolución parecida á dos anos anteriores pero con leves melloras; é dicir, reflicte a estacionalidade do noso mercado laboral onde todo apunta a que a baixa no desemprego é debido aos contratos temporais da época estival.


Logo do incremento do mes de xaneiro, o mes que presenta a suba máis acusada do ano, onde só ese mes aumentou en 10.014 desempregados (3,69%), adiántase, no 2014, a baixa do paro rexistrado nun mes (de marzo a febreiro), e mantén esa tendencia ata agosto; a partir de setembro, invértese esta tendencia, salvo para os homes no dito mes, e volve haber un crecemento continuado do desemprego ata final do ano.

Se a análise se fai por sexo, o comportamento é practicamente parello para ambos os dous colectivos, con dúas disonancias: o meses de setembro e decembro.

Evolución mensual do paro rexistrado por xénero 2014



Evolución mensual do paro rexistrado por xénero 2014






2.3.5. Parados rexistrados por idade e xénero

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
<=25	9.277	7,64%	8.212	6,29%	17.489	6,94%
26 a 35	25.895	21,33%	28.828	22,09%	54.723	21,72%
36 a 45	31.111	25,63%	37.776	28,94%	68.887	27,35%
46 a 55	32.095	26,44%	32.633	25,00%	64.728	25,69%
>=56	23.014	18,96%	23.077	17,68%	46.091	18,30%
Total	121.392	100%	130.526	100%	251.918	100%

Polo que se refire aos parados por grupo de idade, os que contan cunha idade entre 36 a 45 anos son os que teñen maior volume de desempregados, con 68.887 (27,35%), seguidos moi de cerca polo grupo de 46 a 55 co 25,69%, grupo que continua no segundo posto do *ranking* tralo alcanzar no anterior exercicio 2013, superando ao grupo de 26 a 35 anos co 21,72% dos parados, de xeito que máis da metade dos desempregados galegos contan cunha idade entre 36 e 55 anos.

Por sexo, a circunstancia é moi semellante para ambos os dous, tanto en valores absolutos como relativos. O tramo de idade onde hai maior desigualdade é no de 36 a 45 anos onde a cifra de mulleres paradas é de 37.776. Salientar que nos homes é o rango de 46 a 55 anos onde o paro rexistrado é máis alto: 32.095 parados rexistrados, 26,44% do total dos homes, diferenciándose, así, tanto da evolución do paro rexistrado entre as mulleres e do total de ambos xénero.



2.3.6. Evolución anual dos parados rexistrados por idade


	2010	2011	2012	2013	2014	2011d	2012d	2013d	2014d	2011%v	2012%v	2013%v	2014%v	V.M.anual
<=25	26.959	26.890	25.420	21.713	17.489	-69	-1.470	-3.707	-4.224	-0,26%	-5,47%	-14,58%	-19,45%	-10,25%
26 a 35	65.774	68.230	70.491	63.613	54.723	2.456	2.261	-6.878	-8.890	3,73%	3,31%	-9,76%	-13,98%	-4,49%
36 a 45	58.676	65.799	73.967	73.583	68.887	7.123	8.168	-384	-4696	12,14%	12,41%	-0,52%	-6,38%	4,09%
46 a 55	49.537	56.976	64.177	66.139	64.728	7.439	7.201	1.962	-1.411	15,02%	12,64%	3,00%	-2,13%	6,92%
>=56	36.367	40.339	44.732	46.015	46.091	3.972	4.393	1.283	76	10,92%	10,89%	3,00%	0,17%	6,10%

De nos fixar agora na evolución do paro por idade nos últimos cinco anos, observamos como malia haber un aumento xeneralizado do paro, no 2014 engádese o colectivo dos “26 a 35” anos ao de “mozos menores de 26 anos” como colectivos nos que diminúe o paro rexistrado ao longo de todo o período 2010 a 2014, finalizando o quinquenio como os únicos rangos de idade que acadan unha variación media anual negativa, concretamente do - 4,49% e do -10,25%, respectivamente.

Pola contra, no resto dos grupos de idade, obsérvase unha evolución negativa na serie quinquenal, tendencia que parece ter un punto de inflexión no ano 2013 e, continuada, no 2014, exercicios onda se dá unha diminución da dita tendencia negativa nos rangos de idade máis vellos (nos rangos a partir dos 36



anos). No exercicio 2014 todos os rangos, agás o de “maior ou igual a 56 anos” presentan xa unha variación interanual favorable (diminución do paro rexistrado).




2.3.7. Parados rexistrados por nivel formativo

Nivel formativo	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
Ata certificado de escolaridade	56.603	46,63%	46.880	35,92%	103.483	41,08%
Titulación ensino obrigatorio	33.251	27,39%	32.907	25,21%	66.158	26,26%
Formación profesional	14.891	12,27%	21.680	16,61%	36.571	14,52%
BUP / bacharelato superior / COU	8727	7,19%	11246	8,62%	19973	7,93%
Titulados universitarios	7.869	6,48%	17.712	13,57%	25.581	10,15%
Outras titulacións	51	0,04%	101	0,08%	152	0,06%
Total	121.392	100%	130.526	100%	251.918	100%

En relación cos parados por nivel formativo, o comportamento foi moi semellante ao dos anos anteriores, case sete de cada dez parados rexistrados de Galicia tiñan titulación de ensino obrigatorio

ou nin tan sequera chegaban a ela. Deste xeito, o resto de persoas con máis titulacións presentan porcentaxes de desemprego sensiblemente inferiores.

De facermos a análise por xénero, vemos como nas titulacións máis baixas o número de homes desempregados foi superior ao das mulleres, mentres que nos titulados universitarios as cifras de mulleres paradas case duplican as dos homes.




2.3.8. Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo

Nivel formativo	2010	2011	2012	2013	2014	2011d	2012d	2013d	2014d	2011%v	2012%v	2013%v	2014%v	V.M. anual
Ata certificado de escolaridade	93.181	104.454	112.895	110.058	103.483	11.273	8.441	-2.837	-6.575	12,10%	8,08%	-2,51%	-5,97%	2,66%
Titulación ensino obrigatorio	68.855	72.068	74.553	71.906	66.158	3.213	2.485	-2.647	-5.748	4,67%	3,45%	-3,55%	-7,99%	-0,99%
Formación profesional	32.807	35.880	40.544	40.058	36.571	3.073	4.664	-486	-3.487	9,37%	13,00%	-1,20%	-8,70%	2,75%
BUP / bacharelato superior / COU	19.231	20.376	21.692	21.255	19.973	1.145	1.316	-437	-1.282	5,95%	6,46%	-2,01%	-6,03%	0,95%
Titulados universitarios	23.118	25.281	28.933	27.607	25.581	2.163	3.652	-1.326	-2.026	9,36%	14,45%	-4,58%	-7,34%	2,56%
Outras titulacións	121	175	170	179	152	54	-5	9	-27	44,63%	-2,86%	5,29%	-15,08%	5,87%
Total	239.323	260.245	280.799	273.076	253.932	20.922	20.554	-7.723	-19.144	8,74%	7,90%	-2,75%	-7,01%	1,49%

Polo que se refire á evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo, **no 2014 parece consolidarse o punto de inflexión, iniciado no 2013, na evolución do paro rexistrado** diminuíndo este en todos os grupos observados, agás, para o 2013, no grupo residual de “Outras titulacións”. A tendencia, de todas as maneiras, durante o período 2010/2014, foi o aumento continuo



no número de desempregados ata o ano 2012. Excluído o grupo de “Outras titulacións”, os colectivos onde máis aumentou, en todo o quinquenio 2010/2014, o paro rexistrado, en termos relativos, foi o de “Formación profesional” e “Ata certificado de escolaridade” acadando ambos a maior variación media anual (2,75% e 2,66%, respectivamente).




2.3.9. Parados rexistrados por antigüidade na demanda

Antigüidade na demanda	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
<= 1 mes	13.977	11,51%	11.383	8,72%	25.360	10,07%
de 1 a 3 meses	22.292	18,36%	19.505	14,94%	41.797	16,59%
de 3 a 6 meses	19.491	16,06%	21.098	16,16%	40.589	16,11%
de 6 a 12 meses	14.592	12,02%	16.609	12,72%	31.201	12,39%
de 12 a 24 meses	16.097	13,26%	17.303	13,26%	33.400	13,26%
máis de 24 meses	34.943	28,79%	44.628	34,19%	79.571	31,59%
Total	121.392	100%	130.526	100%	251.918	100%

En canto á antigüidade dos desempregados galegos, podemos dicir á vista dos datos, que a porcentaxe máis elevada está naqueles que levan á procura dun emprego máis de 24 meses (31,59%), seguido polos que levaban parados “de 1 a 3 meses” co 16,59%. Este último rango encarámase ao segundo

posto deste ranking durante o ano 2014 desprazando ao rango “de 12 a 24 meses” que cae ao 4º posto (13,26%). Pola contra, o colectivo onde houbo menos presenza de paro rexistrado foi o que levaba anotado no paro 1 mes ou menos (10,07%).

Por xénero, repítase a mesma estrutura no nivel de paro rexistrado: para as mulleres e os homes o grupo de antigüidade na demanda máis castigado co nivel de paro é o de “máis de 24 meses” procurando emprego (34,19% para as mulleres, e 28,79% para os homes). Polo contrario, o grupo de antigüidade na demanda menos castigado co nivel de paro, tanto para mulleres como para homes, é o de “≤ 1 mes” (8,72% e 11,51%, respectivamente).




2.3.10. Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda

	2010	2011	2012	2013	2014	2011d	2012d	2013d	2014d	2011%v	2012%v	2013%v	2014%v	V.M. anual
≤ 1 mes	26.454	27.680	24.149	23.274	25.360	1.226	-3.531	-875	2.086	4,63%	-12,76%	-3,62%	8,96%	-1,05%
de 1 a 3 meses	42.227	45.474	47.589	46.057	41.797	3.247	2.115	-1.532	-4.260	7,69%	4,65%	-3,22%	-9,25%	-0,26%
de 3 a 6 meses	34.971	40.167	37.867	33.925	40.589	5.196	-2.300	-3.942	6.664	14,86%	-5,73%	-10,41%	19,64%	3,79%
de 6 a 12 meses	39.552	42.572	45.868	39.455	31.201	3.020	3.296	-6.413	-8.254	7,64%	7,74%	-13,98%	-20,92%	-5,76%
de 12 a 24 meses	43.663	43.534	54.110	49.973	33.400	-129	10.576	-4.137	-16.573	-0,30%	24,29%	-7,65%	-33,16%	-6,48%
máis de 24 meses	50.446	58.807	69.204	78.379	79.571	8.361	10.397	9.175	1.192	16,57%	17,68%	13,26%	1,52%	12,07%
Total	237.313	258.234	278.787	271.063	251.918	20.921	20.553	-7.724	-19.145	8,82%	7,96%	-2,77%	-7,06%	1,50%

Na evolución do número de parados rexistrados por antigüidade na demanda, obsérvase como os parados que levaban máis de dous anos na procura dun emprego manteñen unha tendencia negativa, aumentando sensiblemente a cifra de parados ao longo de todo o quinquenio, malia que no exercicio



2014 aminora a dita tendencia negativa rematando este período cunha variación media anual do 12,07%. O seguinte colectivo máis prexudicado foi os que levaban buscando emprego “de 3 a 6 meses”, rango este, que pasa a presentar unha evolución negativa de 3,79% tralo espectacular repunte do seu nivel de paro no 2014 (19,64%). Pola contra, o resto dos rangos de parados segundo a súa antigüidade na situación de paro presentan todos unha variación media anual positiva no quinquenio 2010 / 2014, destacando a mellora no exercicio 2014 dos colectivos de parados con máis de un ano de antigüidade paro (-20,92% e - 33,16 %).



2.3.11. Parados rexistrados por sector económico de procedencia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
SECTOR PRIMARIO	6.901	5,68%	2.502	1,92%	9.403	3,73%
SECTOR SECUNDARIO	18.946	15,61%	15.496	11,87%	34.442	13,67%
SECTOR CONSTRUCCIÓN	30.969	25,51%	3.227	2,47%	34.196	13,57%
SECTOR SERVIZOS	58.212	47,95%	95.873	73,45%	154.085	61,16%
SEN EMPREGO ANTERIOR	6.364	5,24%	13.428	10,29%	19.792	7,86%
Total	121.392	100%	130.526	100%	251.918	100%

No tocante á distribución de parados por actividade económica, foi o sector servizos o que concentrou máis da metade dos parados da nosa Comunidade (61,16%). O seguinte sector en importancia no nivel de paro rexistrado foi, **á par**, o da construción e mailo sector secundario, ambos empatados (13,57% e 13,67%, respectivamente). O sector primario mantén o seu favorable perfil neste ránking do paro rexistrado: 3,73%.

Por xénero, tamén foi o sector servizos o que englobou maior número de parados, pero mentres que nas mulleres este sector acaparaba o 73,45% das paradas, nos homes representaba o 47,95% dos desempregados. O segundo posto neste *ránking* negativo de paro rexistrado o acada, no 2014, e para o colectivo de homes o Sector da Construción: 25,51% As mulleres no 2014 manteñen no Sector Primario unha reducida cota de 1,92%. Igualmente neste Sector Primario o colectivo dos homes presenta a súa menor cota: 5,68%.






2.3.12. Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia

	2010	2011	2012	2013	2014	2011d	2012d	2013d	2014d	2011% v	2012% v	2013% v	2014% v	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	6.517	7.225	9.455	9.738	9.403	708	2230	283	-335	10,86%	30,87%	2,99%	-3,44%	9,60%
SECTOR SECUNDARIO	36.897	40.327	40.189	38.291	34.442	3.430	-138	-1.898	-3.849	9,30%	-0,34%	-4,72%	-10,05%	-1,71%
SECTOR CONSTRUCCIÓN	38.530	44.807	45.984	40.448	34.196	6.277	1.177	-5.536	-6.252	16,29%	2,63%	-12,04%	-15,46%	-2,94%
SECTOR SERVICIOS	126.942	138.341	160.137	161.160	154.085	11.399	21.796	1.023	-7.075	8,98%	15,76%	0,64%	-4,39%	4,96%
SEN EMPREGO ANTERIOR	28.427	27.534	23.022	21.426	19.792	-893	-4.512	-1.596	-1.634	-3,14%	-16,39%	-6,93%	-7,63%	-8,65%
Total	237.313	258.234	278.787	271.063	251.918	20.921	20.553	-7.724	-19.145	8,82%	7,96%	-2,77%	-7,06%	1,50%

No ano 2014 prodúcese unha diminución xeral do paro rexistrado, alcanzando esta redución ao **todos os sectores**, continuando así o punto de inflexión na evolución crecente do paro rexistrado, inflexión xa iniciada no 2013. Hai que salientar que no sector servizos redúcese por vez primeira en varios anos a súa tendencia negativa, presentando no 2014 unha redución do paro rexistrado do -4,39%.

Evolución anual do paro rexistrado por actividade económica: 2010/2014




2.3.13. Parados rexistrados por gran grupo de ocupación

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	41.249	33,98%	5.167	3,96%	46.416	18,43%
DIRECTORES E XERENTES	1.308	1,08%	485	0,37%	1.793	0,71%
EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	5.422	4,47%	17.900	13,71%	23.322	9,26%
OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	23.223	19,13%	29.634	22,70%	52.857	20,98%
OCUPACIÓNS MILITARES	72	0,06%	13	0,01%	85	0,03%
OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	13.332	10,98%	5.713	4,38%	19.045	7,56%
TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	7.464	6,15%	12.952	9,92%	20.416	8,10%
TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	12.866	10,60%	9.451	7,24%	22.317	8,86%
TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	4.603	3,79%	1.764	1,35%	6.367	2,53%
TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	11.853	9,76%	47.447	36,35%	59.300	23,54%
Total	121.392	100%	130.526	100%	251.918	100%

Ao analizarmos os parados rexistrados por gran grupo de ocupación, observamos como a maioría dos parados concéntranse no grupo de “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores” co 23,54%, seguido, moi de cerca, polas “Ocupacións elementais” co 20,98%, e, en terceiro lugar, o grupo de “Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)” co 18,43%; de maneira que estes tres grupos concentran o 62,95% dos parados de Galicia.

Por xénero, no caso dos homes o grupo que rexistra máis desempregados foi o de “Artesáns e traballadores das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)” co 33,98% de desempregados rexistrados; a continuación seguen as “Ocupacións elementais” co 19,13%; mentres que onde máis mulleres paradas houbo foi no de “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores” o cal concentrou o 36,35% do paro rexistrado.




2.3.14. Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación

Debido á posta en marcha da nova Clasificación Nacional de Ocupación CNO-11 só é posible realizar unha evolución dos últimos 4 anos.

	2011	2012	2013	2014	2012d	2013d	2014d	2012%v	2013%v	2014%v	V.m. Anual
DIRECTORES E XERENTES	1.876	2.044	1.953	1.793	168	-91	-160	8,96%	-4,45%	-8,19%	-1,50%
TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELCTUAIS	21.109	23.566	22.341	20.416	2.457	-1.225	-1.925	11,64%	-5,20%	-8,62%	-1,11%
TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	22.760	25.193	24.753	22.317	2.433	-440	-2.436	10,69%	-1,75%	-9,84%	-0,65%
EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	23.065	25.450	24.707	23.322	2.385	-743	-1.385	10,34%	-2,92%	-5,61%	0,37%
TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	58.331	62.438	62.459	59.300	4.107	21	-3.159	7,04%	0,03%	-5,06%	0,55%
TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	6.850	7.099	6.865	6.367	249	-234	-498	3,64%	-3,30%	-7,25%	-2,41%
ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	50.121	54.691	51.468	46.416	4.570	-3.223	-5.052	9,12%	-5,89%	-9,82%	-2,53%
OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	19.871	21.434	20.920	19.045	1.563	-514	-1.875	7,87%	-2,40%	-8,96%	-1,41%
OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	54.130	56.760	55.494	52.857	2.630	-1.266	-2.637	4,86%	-2,23%	-4,75%	-0,79%
OCUPACIÓNS MILITARES	121	112	103	85	-9	-9	-18	-7,44%	-8,04%	-17,48%	-11,10%

Na evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación obsérvase que, no ano 2012, rexistraron un incremento do desemprego en todos os grupos (agás o colectivo das “Ocupacións militares”), pola contra, no 2013 case todos os grupos experimentan unha baixada do paro. No exercicio 2014 incrementouse esta evolución favorable. Así no exercicio 2014 a variación media anual rexistrou unha diminución case xeral do paro rexistrado nos grandes grupos de ocupación.

Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, 2011 / 2014



2.3.14.1. As dez ocupacións máis demandadas


OCUPACIÓNS DEMANDADAS	Total	Homes	Mulleres	Total %	Homes %	Mulleres %
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	21.356	1.950	19.406	8,48%	1,61%	14,87%
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR , EN XERAL	15.456	1.144	14.312	6,14%	0,94%	10,96%
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	15.452	3.236	12.216	6,13%	2,67%	9,36%
ALBANEIS	9.175	9.107	68	3,64%	7,50%	0,05%
CAMAREIROS, EN XERAL	7.515	3.169	4.346	2,98%	2,61%	3,33%
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	6.716	6.666	50	2,67%	5,49%	0,04%
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	6.295	3.759	2.536	2,50%	3,10%	1,94%
MOZOS DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN E/OU MERCADO DE ABASTOS	3.885	3.592	293	1,54%	2,96%	0,22%
CONDUTORES DE CAMIÓN, EN XERAL	3.825	3.780	45	1,52%	3,11%	0,03%
COCIÑEIROS, EN XERAL	3.783	911	2.872	1,50%	0,75%	2,20%

Das dez ocupacións máis solicitadas polos desempregados galegos, a gran maioría pertencen ao sector servizos. Delas, a máis solicitada foi a de “Dependentes de comercio, en xeral”, seguido en segundo



lugar pola ocupación “Persoal de limpeza ou limpador, en xeral” e, en terceiro lugar por “Empregados administrativos, en xeral”, concentrando as tres o 20,75% do total das ocupacións demandadas, e o 55,92% das dez ocupacións máis demandadas.

Por sexo, cómpre sinalar que o xénero incide, e moito, neste ránking de ocupacións máis demandadas; así, nas tres ocupacións que encabezan a listaxe a maioría son mulleres mentres que nas ocupacións relacionadas coa construción e transporte (“Albanelaría”, “Péons da Construción ...”, “Condutores de camión, en xeral”, ou “Mozos de carga ...”) a situación invértese sendo os homes os que predominan. Pola contra, as ocupacións con cifras semellantes entre os dous sexos son máis escasas. Sirva como exemplo a de “Camareiros, en xeral”.



2.3.15. Perfil tipo do demandante parado (xénero masculino) en Galicia¹



2.3.16. Perfil tipo da demandante parada (xénero feminino) en Galicia¹



(1) Para elaborar os informes seguintes, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos en cada unha das distintas variables



2.4. CONTRATOS⁴


2.4.1. Contratos realizados por xénero

	Homes	Mulleres	Total
GALICIA	417.321	368.872	786.193
ESPAÑA	9.426.588	7.300.501	16.727.089

O número de contratos rexistrados nas nosas oficinas de emprego ao longo do ano 2014 foi de 786.193, o que supuxo 79.415 contratos máis con respecto ao ano anterior, resultando, en termos relativos un **importante** incremento do 11,24%.

Da totalidade dos contratos o 53,08% foi contratación masculina e o 46,92% feminina; esta proporción significa que a porcentaxe da contratación masculina é superior en 6,16 puntos á feminina. Esta diferenza entre a contratación masculina e feminina véñse **incrementando** verbo do ano 2012, **rachando coa tendencia dos exercicios anteriores ao dito 2012**.

Por outra banda, os contratos rexistrados na nosa comunidade mantéñense na súa cota dos últimos anos: 4,70% do total da contratación do Estado.




⁴ É preciso sinalar que debido aos cambios producidos na Seguridade Social, segundo os cales o réxime especial de empregados do fogar se integraba no réxime xeral; nos datos de contratos que publicamos na edición do ano 2012, non se incluía a contratación do servizo do fogar entre xaneiro e setembro de 2012.

2.4.2. Contratos realizados por provincia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
A CORUÑA	166.142	39,81%	160.481	43,51%	326.623	41,54%
LUGO	46.022	11,03%	41.650	11,29%	87.672	11,15%
OURENSE	30.630	7,34%	28.760	7,80%	59.390	7,55%
PONTEVEDRA	174.527	41,82%	137.981	37,41%	312.508	39,75%
TOTAL GALICIA	417.321	100,00%	368.872	100,00%	786.193	100,00%

En relación ao número de contratos rexistrados por provincia, observamos que, no 2014, foi a provincia de Pontevedra onde se formalizou a proporción máis alta (39,75%) **superando así á provincia da Coruña**; de maneira que, do total da contratación realizada en Galicia, case o 82% corresponde ás provincias atlánticas, que, como sabemos, son as máis poboadas. Pola contra, a provincia de **Ourense** continúa a ser onde houbo **menor presenza de contratos**, o 7,55%.






2.4.3. Evolución anual do número de contratos por xénero

	2010	2011	2012	2013	2014	2011d	2012d	2013d	2014d	2011%v	2012%v	2013%v	2014%v	V.M. anual
HOMES	353.905	344.683	341.145	372.612	417.321	-9.222	-3.538	31.467	44.709	-2,61%	-1,03%	9,22%	12,00%	4,21%
MULLERES	326.719	326.766	352.220	334.166	368.872	47	25.454	-18.054	34.706	0,01%	7,79%	-5,13%	10,39%	3,08%
TOTAL GALICIA	680.624	671.449	693.365	706.778	786.193	-9.175	21.916	13.413	79.415	-1,35%	3,26%	1,93%	11,24%	3,67%

Ao analizarmos a contratación en Galicia (expresada no número de contratos formalizados) nos últimos cinco anos, mencionar que, e tralo descenso iniciado no número de contratos (xa dende o 2008), prodúcese un inicial cambio de tendencia a partir do exercicio 2012. Como resultado o último quinquenio rematou cunha recuperación da variación total media anual: do 3,67%.

Por xénero, vemos como a contratación non se comporta do mesmo xeito no colectivo feminino e masculino senón que, dependendo do ano, sae máis favorecido un grupo que outro; é dicir, agás no 2014, en todo o quinquenio séguese a mesma tendencia, de modo que, nos anos 2013 e 2014, os homes rexistraron un incremento da contratación de 9,22% e 12,00%; mentres que no 2011 e 2012 foron as mulleres as que experimentaron unha suba na contratación pero con porcentaxes, ao comezo, máis modestas, concretamente de 0,01% e 7,79%. Pero, en calquera caso, ambos os dous sexos acadaron no último quinquenio unha variación media positiva: no caso dos homes foi de 4,21% e no das mulleres do 3,08%.




2.4.4. Evolución mensual do número de contratos

Data	Homes	Mulleres	total	Variación			% Variación		
				Homes	Mulleres	total	Homes	Mulleres	total
31/12/2013	26.788	25.974	52.762						
XANEIRO	29.189	27.056	56.245	2.401	1.082	3.483	8,96%	4,17%	6,60%
FEBREIRO	24.385	21.140	45.525	-4.804	-5.916	-10.720	-16,46%	-21,87%	-19,06%
MARZO	28.114	22.941	51.055	3.729	1.801	5.530	15,29%	8,52%	12,15%
ABRIL	30.847	27.007	57.854	2.733	4.066	6.799	9,72%	17,72%	13,32%
MAIO	34.013	28.691	62.704	3.166	1684	4.850	10,26%	6,24%	8,38%
XUÑO	39.859	34.358	74.217	5.846	5.667	11.513	17,19%	19,75%	18,36%
XULLO	49.273	42.331	91.604	9.414	7.973	17.387	23,62%	23,21%	23,43%
AGOSTO	39.211	32.822	72.033	-10.062	-9.509	-19.571	-20,42%	-22,46%	-21,36%
SETEMBRO	42.019	38.341	80.360	2808	5.519	8.327	7,16%	16,81%	11,56%
OUTUBRO	40.986	37.185	78.171	-1.033	-1156	-2.189	-2,46%	-3,02%	-2,72%
NOVEMBRO	29.580	27.751	57.331	-11.406	-9.434	-20.840	-27,83%	-25,37%	-26,66%
DECEMBRO	29.845	29.249	59.094	265	1498	1.763	0,90%	5,40%	3,08%

Atendendo a evolución mensual da contratación *ao longo do 2014*, vemos que o ano empeza cun incremento (6,60%); é de supoñer que como consecuencia da campaña navideña, finalizado o Nadal; xa no mes de febreiro, a contratación cae en porcentaxes superiores a subida de xaneiro (-19,06%). Pero a partir do mes de marzo a contratación experimenta un aumento continuado ata o mes de xullo, sendo este mes o que rexistra o aumento máis acusado de todo o ano, acadando 17.387 contratos máis que no mes de xuño (23,43%). Tralos meses de boanza, nos que sitúan a Semana Santa e o comezo do verán, no mes de agosto a cifra de contratos volve caer (-21,36%), recuperándose en setembro (11,56%) , *seguido dun leve retroceso en outubro* (-2,72%) para continuar así a tendencia negativa mo mes de novembro (-26,66%) **pero presentando logo unha recuperación da contratación xa no mes de decembro** (3,08%).

Por sexo, a situación, en liñas xerais é semellante, nos meses de subida afecta a ambos os dous sexos e o mesmo ocorre nos meses de baixada.






2.4.5. Evolución mensual dos demandantes parados e contratados

	parados	contratados	variación		% parados	% contratados
31/12/2013	271.063	38.951				
XANEIRO	281.077	43.611	10.014	4.660	3,69%	25,71%
FEBREIRO	280.071	35.478	-1.006	-8.133	-0,36%	-18,65%
MARZO	276.463	38.510	-3.608	3.032	-1,29%	8,55%
ABRIL	270.144	43.595	-6.319	5.085	-2,29%	13,20%
MAIO	263.444	45.301	-6.700	1.706	-2,48%	3,91%
XUÑO	252.310	53.117	-11.134	7.816	-4,23%	17,25%
XULLO	240.279	66.601	-12.031	13.484	-4,77%	25,39%
AGOSTO	236.939	50.288	-3.340	-16.313	-1,39%	-24,49%
SETEMBRO	238.203	58.917	1.264	8.629	0,53%	17,16%
OUTUBRO	244.044	57.708	5.841	-1.209	2,45%	-2,05%
NOVEMBRO	248.632	42.218	4.588	-15.490	1,88%	-26,84%
DECEMBRO	251.918	41.966	3.286	-252	1,32%	-0,60%

Nesta comparativa entre persoas paradas e contratadas, ao longo de todo o ano, optouse por facer a comparación a nivel porcentual; dado que a cifra de desempregados é moi superior a das persoas contratadas.

A evolución das persoas desempregadas segue as mesmas pautas que nos anos anteriores, é dicir, aumentan de forma continuada ata o mes de febreiro, pero a partir deste mes o número de parados presenta unhas continuadas porcentaxes negativas ata o mes de agosto inclusive, coincidindo co período estival; no mes de setembro volve a rexistrarse un incremento do paro rexistrado que continúa presentando porcentaxes positivas ata final de ano. Verbo da evolución da contratación medida polo número de persoas contratadas, vemos que a súa evolución presenta varios picos; no mes de febreiro descende un -18,65%, no mes de agosto volve a rexistrar unha caída dos contratados importante, concretamente, do -24,49%, xunto con outubro onde os contratados xa descenden un -2,05%, continuando con frecuencias relativas negativa en novembro e decembro: -26,84% e -0,60%, respectivamente.

Por outra parte, vendo os datos que presenta a táboa anterior, observamos que houbo meses onde a cifra de contratados aumentaba **pero** a de desempregados **non diminúe** (xaneiro e setembro e outubro), o que nos está indicando que non sempre o aumento da contratación se traduce nunha diminución do paro. **É ao contrario**, hai meses, como agosto, onde **diminúe o paro pero** tamén **diminúe a contratación**: febreiro e agosto.



2.4.6. Contratos por idade e xénero


	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
<=25	69.743	16,71%	70.610	19,14%	140.353	17,85%
26 a 35	152.583	36,56%	130.116	35,27%	282.699	35,96%
36 a 45	116.816	27,99%	97.254	26,37%	214.070	27,23%
46 a 55	59.980	14,37%	55.935	15,16%	115.915	14,74%
>=56	18.199	4,36%	14.957	4,05%	33.156	4,22%
Total	417.321	100%	368.872	100%	786.193	100%

Por tramos de idade, no ano 2014, constatamos que o segmento de poboación con maior peso na contratación é o conformado por aquelas persoas cunha idade entre 26 e 35 anos, acadando o 35,96% da contratación total, seguidas polas que teñen entre 36 e 45 anos, co 27,23%; ou dito doutro xeito, seis de cada dez contratos realízanse con persoas entre 26 e 45 anos. Pola contra, os valores máis baixos alcanzáronos os maiores de 55 anos co 4,22% da totalidade da contratación.



Por sexo, a situación foi moi homoxénea, con cifras de contratación moi parecidas, coa particularidade de que no caso dos menores de 26 anos, e no rango de 46 a 55 anos, a contratación foi lixeiramente superior no colectivo das mulleres, mentres que nos grupos de idades restantes foron os homes os máis contratados.

Contratación por idade e xénero, 2014




2.4.7. Evolución anual da contratación por idade

	2010	2011	2012	2013	2014	d2011	d2012	d2013	d2014	2011%v	2012%v	2013%v	2014%v	V.M.a.
<=25	169.664	155.601	137.207	132.233	140.353	-14.063	-18.394	-4.974	8.120	-8,29%	-11,82%	-3,63%	6,14%	-4,63%
26 a 35	252.943	251.714	252.984	261.999	282.699	-1.229	1.270	9.015	20.700	-0,49%	0,50%	3,56%	7,90%	2,82%
36 a 45	151.972	155.234	171.524	184.728	214.070	3.262	16.290	13.204	29.342	2,15%	10,49%	7,70%	15,88%	8,94%
46 a 55	83.360	84.993	99.844	99.794	115.915	1.633	14.851	-50	16.121	1,96%	17,47%	-0,05%	16,15%	8,59%
>=56	22.685	23.907	31.806	28.024	33.156	1.222	7.899	-3.782	5.132	5,39%	33,04%	-11,89%	18,31%	9,95%
Total	680.624	671.449	693.365	706.778	786.193	-9.175	21.916	13.413	79.415	-1,35%	3,26%	1,93%	11,24%	3,67%

Na evolución da contratación por grupo de idade no último quinquenio, vemos como os menores de 26 anos encadearon, ata o 2013, unha caída da contratación ao longo dos cinco anos, sendo o único grupo que remata cunha variación media anual negativa (-4,63%). Os seguintes tramos de idade, saen mellor parados; dado o salientable comportamento xeral no exercicio 2014, todos aumentanos seus díxitos de contratación. Subliñar o rango dos maiores de 55 anos, quen tras ter un comportamento

negativo no 2013 (-11,89%), aínda así, son quen de acadar, finalmente, unha variación media anual positiva, concretamente do 9,95%, a maior variación positiva de todos os rangos para todo o quinquenio considerado.



2.4.8. Contratos por nivel formativo

	Homes	%	Mulleres	%2	Total	%
Ata certificado de escolaridade	134.268	32,17%	93.179	25,26%	227.447	28,93%
Titulación ensino obrigatorio	164.941	39,52%	138.550	37,56%	303.491	38,60%
Formación profesional	39.897	9,56%	40.493	10,98%	80.390	10,23%
BUP / bacharelato superior / COU	54.142	12,97%	53.378	14,47%	107.520	13,68%
Titulados universitarios	21.317	5,11%	39.297	10,65%	60.614	7,71%
Outras titulacións	2.756	0,66%	3.975	1,08%	6.731	0,86%
Total	417.321	100%	368.872	100%	786.193	100%


Polo que respecta á contratación por nivel formativo, a táboa anterior mostra que, tal como acontecía nos anos anteriores, a maioría de número de contratos realizados fanse cos “Titulados de ensino obrigatorio” (38.60%), seguido das persoas que posuían “Ata certificado de escolaridade”, as cales englobaban o 28,93% da contratación; concentrando estes dous grupos máis do 67% da totalidade dos



contratos formalizados. O resto dos grupos representan unhas proporcións moito máis reducidas sendo os que menos número de contratos formalizan os “Titulados universitarios”, co 7,71%.

Por sexo, vemos como nas titulacións máis baixas o número de contratos a homes son maioría, pero a medida que a formación aumenta a situación se inverte e a contratación feminina supera a masculina; de maneira que nos titulados universitarios a cifra de contratos a mulleres case duplica a dos homes, en termos absolutos, mentres os homes universitarios subscribiron 21.317 contratos, no caso das mulleres foron 39.297.

Contratos formalizados por nivel formativo, 2014




2.4.9. Evolución anual da contratación por nivel formativo

	2010	2011	2012	2013	2014	2011d	2012d	2013d	2014d	2011%v	2012%v	2013%v	2014%v	V.M. anual
Ata certificado de escolaridade	143.905	132.759	175.043	195.264	227.447	-11.146	42.284	20.221	32.183	-7,75%	31,85%	11,55%	16,48%	12,12%
Titulación ensino obrigatorio	284.059	299.100	290.208	280.899	303.491	15.041	-8.892	-9.309	22.592	5,30%	-2,97%	-3,21%	8,04%	1,67%
Formación profesional	89.452	81.943	72.812	74.438	80.390	-7.509	-9.131	1.626	5.952	-8,39%	-11,14%	2,23%	8,00%	-2,63%
BUP / bacharelato superior / COU	99.484	97.054	90.314	93.951	107.520	-2.430	-6.740	3.637	13.569	-2,44%	-6,94%	4,03%	14,44%	1,96%
Titulados universitarios	63.724	60.593	56.976	57.216	60.614	-3.131	-3.617	240	3.398	-4,91%	-5,97%	0,42%	5,94%	-1,24%
Outras titulacións	-	-	8.012	5.010	6.731	-	-	-3.002	1.721	-	-	-37,47%	-34,35%	-
Total	680.624	671.449	693.365	706.778	786.193	-9.175	21.916	13.413	79.415	-1,35%	3,26%	1,93%	11,24%	3,67%

No que se refire á evolución da contratación por nivel formativo nos últimos cinco anos, hai que observar primeiro, a aparición na serie, no ano 2012, do nivel “Outras titulacións”, nivel que volve a aparecer nos anos 2013 e 2014. A súa pegada no total do número de contratos é, de todas maneiras

residual: 1,16% , 0,71% e 0,86%, respectivamente. Sobre os resultados da serie que a táboa amosa, cabe dicir que cada un dos colectivos presenta un comportamento diferente dependendo do ano; así nas persoas que tiñan “Ata certificado de escolaridade” durante todo o período, agás o ano 2011, medrou a contratación, especialmente no ano 2012 (31,85%), onde foron os únicos que aumentaron mentres en todos os demais diminuían, aínda que todo apunta a que, cando menos, parte deste incremento está vencellado á inclusión dos empregados do fogar nas cifras de contratación.

Tralos mellores resultados nos exercicios 2013 e (especialmente no) 2014, a variación media mensual mellora en todos os colectivos , onde soamente dous dos colectivos presentan, finalmente, díxitos negativos , “Formación profesional” (-2,63%) e “Titulados Universitarios” (-1,24%).






2.4.10. Contratos por tipoloxía

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Indefinido	25.981	6,23%	15.570	4,22%	41.551	5,29%
Indefinido tempo parcial	6.379	1,53%	13.858	3,76%	20.237	2,57%
Outros	12.763	3,06%	4.550	1,23%	17.313	2,20%
Prácticas/Formación	6.680	1,60%	6.949	1,88%	13.629	1,73%
Temporal	264.055	63,27%	162.420	44,03%	426.475	54,25%
Temporal tempo parcial	101.462	24,31%	165.525	44,87%	266.987	33,96%
Total	417.321	100%	368.872	100%	786.192	100%

No que respecta á contratación por modalidade, as cifras constatan que a temporalidade continúa predominando maioritariamente entre os contratos de nova formalización, englobando a contratación temporal a xornada completa o 54,25% e a de tempo parcial o 33,96%. De tal xeito que, o 88,21% dos contratos que se subscriben son temporais. Pola contra, a contratación indefinida só supuxo o 7,86%.

Nas modalidades da contratación por sexo, a temporal foi a máis utilizada en ambos os dous sexos, aínda que dentro da modalidade temporal, mentres na xornada completa predominaban os homes, na de a tempo parcial hai unha maior presenza feminina. O mesmo sucede na contratación indefinida. O que nos permite deducir que as mulleres subscriben a maior parte da contratación a tempo parcial.

Por último, na contratación en prácticas/formación o comportamento en ambos os dous sexos foi moi similar, se ben a número de contratos realizados nesta modalidade representan só o un 1,73%.




2.4.11. Evolución anual da contratación por tipoloxía

	2010	2011	2012	2013	2014	2011d	2012d	2013d	2014d	2011%v	2012%v	2013%v	2014%v	V.M. anual
Indefinido	45.536	39.605	44.280	35.965	41.551	-5.931	4675	-8.315	5586	-13,02%	11,80%	-18,78%	15,53%	-2,26%
Indefinido tempo parcial	14.476	14.037	30.843	17.826	20.237	-439	16.806	-13017	2.411	-3,03%	119,73%	-42,20%	13,53%	8,74%
Outros	17.894	16.894	15.826	16.146	17.313	-1.000	-1.068	320	1167	-5,59%	-6,32%	2,02%	7,23%	-0,82%
Prácticas/Formación	9.161	7.900	7.585	11.093	13.629	-1261	-315	3.508	2.536	-13,76%	-3,99%	46,25%	22,86%	10,44%
Temporal	416.005	399.295	374.203	384.515	426.475	-16.710	-25.092	10312	41.960	-4,02%	-6,28%	2,76%	10,91%	0,62%
Temporal tempo parcial	177.552	193.718	220.628	241.233	266.987	16.166	26.910	20.605	25.754	9,10%	13,89%	9,34%	10,68%	10,74%
Total	680.624	671.449	693.365	706.778	786.193	-9.175	21916	13.413	79.415	-1,35%	3,26%	1,93%	11,24%	3,67%

No tocante á evolución anual da contratación por tipoloxía, observamos que a modalidade temporal a tempo parcial é a única que ten un crecemento continuo durante todo o quinquenio o que fai que obteña unha variación media anual do 10,74%. Pola contra, as contratacións indefinidas, tanto a tempo parcial como a xornada completa, experimentan, alternativamente no quinquenio, unha baixada e unha suba (o aumento considerable no 2012 vén causado posiblemente pola inclusión dos Empregados do Fogar). Finalmente o número de “Contratos indefinidos a tempo completo” e “Outros”, son os únicos que presentan unha evolución desfavorable ao cabo do quinquenio. Por outra banda o número de “Contratos en prácticas/Formación” rexistran, así mesmo, a variación media anual máis alta do quinquenio: 10,44%.

Resumindo, neste quinquenio 2010/2014 a contratación a tempo parcial segue medrando máis ca de xornada completa, especialmente a temporal (10,74%). Pola contra, a contratación indefinida e a xornada completa foi a que máis contratos perdeu acadando unha variación media anual do -2,26%.





2.4.12. Índice de rotación


	Contratos	Contratados	Índice de rotación
2010	680.624	314.226	2,17
2011	671.449	302.277	2,22
2012	693.365	302.516	2,29
2013	706.778	290.492	2,43
2014	786.193	304.572	2,58

O índice de rotación expresa a relación entre o número de contratos e o número de persoas contratadas nun período determinado de tempo.


A táboa anterior amosa unha elevada e progresiva rotación no emprego, de feito, a media de contratos que rexistraron por persoa non deixou de medrar desde o 2010, sendo cada ano superior á do ano anterior chegando ao ano 2014 a que cada persoa contratada tivo unha media de 2,58 contratos.

Se tomamos como referencia o conxunto do período, observamos como este índice aumentou en 0,41 puntos durante os últimos cinco anos.

Índice de rotación dos contratos, 2010 / 2014



2.4.13. Mobilidade dos contratos por xénero en Galicia



En canto aos desprazamentos dos traballadores entre Galicia e o resto das comunidades autónomas, vemos como o número de persoas contratadas que saen é superior ás que entran, o que significa que Galicia é unha comunidade que exporta traballadores.

Por xénero, son os homes os que rexistran maiores proporcións na mobilidade territorial.

2.4.14. Contratos por sector económico


	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
SECTOR PRIMARIO	21.602	5,18%	4.089	1,11%	25.691	3,27%
SECTOR SECUNDARIO	67.787	16,24%	41.166	11,16%	108.953	13,86%
SECTOR CONSTRUCCIÓN	45.253	10,84%	2.140	0,58%	47.393	6,03%
SECTOR SERVIZOS	282.679	67,74%	321.477	87,15%	604.156	76,85%
Total	417.321	100%	368.872	100%	786.193	100%

Polo que respecta á contratación nos diferentes sectores de actividade, tal e como acontecía en anos anteriores, o 76,85% dos contratos realizados en Galicia englobáronse no sector servizos (604.156), estas cifras mostran o predominio, malia minguar verbo do 2013 en 5,08 puntos, dos servizos sobre os outros tres sectores, os cales rexistran o 23% restante do seguinte modo: a industria cun peso do 13,86%, por detrás colócase a construción co 6,03%, e por último o sector primario segue a ter un papel testemuñal, representando só o 3,27%.



Por xénero vemos como o sector servizos foi predominante en ambos os dous sexos; no caso das mulleres, apréciase un predominio case absoluto deste sector, acaparando o 87,15% da contratación; pola contra no sector construción e no sector primario apenas se contratan mulleres, sendo a súa presenza do 0,58% na construción e do 1,11% na agricultura e pesca.

No caso dos homes, a pesar de que tamén hai un peso moi importante do sector servizos (67,74%), tamén é certo que hai maior presenza masculina nos outros sectores, especialmente no sector secundario (que recupera ocupación verbo do 2013: 10,54%) cun 16,24%, seguido polo sector da construción co 10,84%, e incluso no primario rexistran o 5,18% da contratación.




2.4.15. Evolución anual da contratación por sector económico

Sector	2010	2011	2012	2013	2014	2011d	2012d	2013d	2014d	2011% v	2012% v	2013% v	2014% v	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	20.924	21.643	20.652	22.929	25.691	719	-991	2.277	2.762	3,44%	-4,58%	11,03%	12,05%	5,27%
SECTOR SECUNDARIO	57.907	58.074	54.290	60.456	108.953	167	-3.784	6.166	48.497	0,29%	-6,52%	11,36%	80,22%	17,12%
SECTOR CONSTRUCCIÓN	61.088	49.367	40.614	44.355	47.393	-11.721	-8.753	3.741	3.038	-19,19%	-17,73%	9,21%	6,85%	-6,15%
SECTOR SERVICIOS	540.705	542.365	577.809	579.038	604.156	1.660	35.444	1.229	25.118	0,31%	6,54%	0,21%	4,34%	2,81%
Total	680.624	671.449	693.365	706.778	786.193	-9.175	21.916	13.413	79.415	-1,35%	3,26%	1,93%	11,24%	3,67%

Se analizamos a evolución da contratación por sector económico nos últimos cinco anos, baseándonos nos datos que ofrece a táboa, pódese destacar que tralos bos resultados dos exercicio 2013 e 2014, o único sector que tivo unha tendencia negativa é o da “Construcción” (-6,15%). Subliñar tamén o forte aumento do sector industrial (“Sector Secundario”) que presenta, finalmente, unha variación media positiva do 17,12% a máis alta de todos os sectores en todo o quinquenio tralo excepcional comportamento no exercicio de 2014 (80,22%)

Por último reiterar que malia a mala evolución quinquenal da “Construcción”, esta ofrece unha evolución anual positiva nos dous últimos exercicios (9,21 e 6,85%).






2.4.16. Contratos por gran grupo de ocupación

Grupo do ocupación	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
DIRECTORES E XERENTES	1.033	0,25%	565	0,15%	1.598	0,20%
TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	36.240	8,68%	38123	10,34%	74.363	9,46%
TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	31.063	7,44%	23.951	6,49%	55.014	7,00%
EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	14.791	3,54%	31.802	8,62%	46.593	5,93%
TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	96190	23,05%	153833	41,70%	250.023	31,80%
TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	9.884	2,37%	1.407	0,38%	11.291	1,44%
ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	71.054	17,03%	11.819	3,20%	82.873	10,54%
OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	47.690	11,43%	11.669	3,16%	59.359	7,55%
OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	109.337	26,20%	95.693	25,94%	205.030	26,08%
OCUPACIÓNS MILITARES	39	0,01%	10	0,00%	49	0,01%
Total	417.321	100%	368.872	100%	786.193	100%

Do total de contratos rexistrados por gran grupo de ocupación, o 31,80% realizáronse con “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, seguido polo grupo de “Ocupacións elementais” co 26,08%; de xeito que, aproximadamente, un de cada dous contratos se rexistrou nestes dous grandes grupos. O resto dos grupos presentan un peso moi inferior, que iría desde os “Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalación e maquinaria)” co 10,54% e os “Directores e xerentes” co 0,20%.

Por xénero, os grupos que predominaron na contratación feminina foron os mesmos que para a totalidade. Pero no caso dos homes a situación invértese, de maneira que é no grupo das “Ocupacións elementais” onde máis contratación masculina se rexistra (26,20%), seguido de cerca polo grupo de “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores” (23,05%).






2.4.17. Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación

Debido á posta en marcha da nova Clasificación Nacional de Ocupación CNO-11, só é posible realizar unha evolución dos últimos 4 anos.

Grupo de ocupación	2011	2012	2013	2014	2012d	2013d	2014d	2012%v	2013%v	2014%v	V.m. Anual
DIRECTORES E XERENTES	1.646	1.547	1.469	1.598	-99	-78	129	-6,01%	-5,04%	8,78%	-1,47%
TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	68.953	66.504	66.469	74.363	-2.449	-35	7.894	-3,55%	-0,05%	11,88%	3,85%
TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	45.368	43.600	46.400	55.014	-1.768	2.800	8.614	-3,90%	6,42%	18,56%	10,12%
EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	50.693	44.295	41.359	46.593	-6.398	-2.936	5.234	-12,62%	-6,63%	12,66%	-4,13%
TRAB. DOS SERVIZOS DE REST., PERSOAS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	199.146	208.485	224.060	250.023	9.339	15.575	25.963	4,69%	7,47%	11,59%	12,05%
TRAB. CUALIF. NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	11.797	69.173	11.989	11.291	57.376	-57.184	-698	486,36%	-82,67%	-5,82%	-2,17%
ARTESÁNS E TRAB. CUALIFICADOS DAS IND.MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	75.809	11.505	74.507	82.873	-64.304	63.002	8.366	-84,82%	547,61%	11,23%	4,56%
OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	52.302	51.433	55.385	59.359	-869	3.952	3.974	-1,66%	7,68%	7,18%	6,53%
OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	165.584	165.683	185.056	205.030	99	19.373	19.974	0,06%	11,69%	10,79%	11,28%
OCUPACIÓNS MILITARES	144	103	84	49	-41	-19	-35	-28,47%	-18,45%	-41,67%	-41,67%
Total	671.442	662.328	706.778	786.193	-9.114	44.450	79.415	-1,36%	6,71%	11,24%	8,21%

A evolución que se observa na breve serie desde o ano 2011 é dispar. Nos dous grandes grupos de ocupación, “Traballadores dos servizos de restauración , ...” e “Ocupacións elementais”, obsérvanse as variacións medias positivas máis altas (12,05% e 11,28%). As variacións medias negativas máis altas afectan os grupos de “Ocupacións militares” (de peso residual na presente magnitude de “Contratos” na nosa Comunidade Autónoma) e “Empregados contables, administrativos ...” e “Traballadores cualificados no sector agrícola, ...” (- 4,13% e - 2,17%, respectivamente).






2.4.18. As dez ocupacións máis contratadas

Grupos primarios	Homes	Mulleres	Total	% Total
CAMAREIROS ASALARIADOS	61.498	56.995	118.493	15,07%
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	32.710	21.320	54.030	6,87%
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	8.189	35.647	43.836	5,58%
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	5.320	32.471	37.791	4,81%
PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	33.223	4.131	37.354	4,75%
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES	15.613	5.414	21.027	2,67%
AXUDANTES DE COCIÑA	3.966	12.687	16.653	2,12%
COCIÑEIROS ASALARIADOS	5.995	9.644	15.639	1,99%
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	5.550	9.986	15.536	1,98%
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓNS	12.384	154	12.538	1,59%

Case a metade (47,43%) dos contratos rexistrados na nosa comunidade no ano 2014 se concentran nestes dez grupos primarios. Salientar a ocupación de “Camareiros asalariados” co 15,07%, seguido os “Peóns das industrias manufactureiras” co 6,87% e dos “Vendedores en tendas e almacéns” co 5,58%. Por outra banda, son ocupacións moi consolidadas, xa que son practicamente as mesmas que as dos anos anteriores, polo que mostran as mesmas características: a maioría delas están encadradas no sector servizos, e, en xeral, responden a un baixo nivel de cualificación sen que en moitos casos se requiran coñecementos específicos. Ademais, trátanse de ocupacións con perfís marcadamente masculino ou feminino; así por exemplo no caso dos “Condutores asalariados de camiós” o número de mulleres contratadas foi insignificante, mentres que no caso do “Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares” a presenza de contratos femininos foi moi superior á masculina.

As 10 ocupacións máis contratadas en 2014



2.4.19. Perfil tipo do contratado (xénero masculino) en Galicia¹



2.4.20. Perfil tipo da contratado (xénero feminino) en Galicia¹



Para elaborar os informes seguintes, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos en cada unha das distintas



Estudo do mercado laboral galego

3. CONCLUSIÓNS

3.1. Demografía

A poboación de Galicia, segundo o Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2014, era de 2.748.695 habitantes, dos cales 1.325.657 eran homes e 1.423.038 eran mulleres.

A poboación estranxeira en Galicia ascendía a 98.245 persoas, o que supoñía o 3,57% da poboación total de Galicia.

Se atendemos a evolución interanual da poboación, a cifra de residentes na nosa comunidade reduciuse nun - 0,62%.

Por sexo, tal e como acontecía nos anos precedentes, nacen máis nenos que nenas e a proporción de homes é lixeiramente superior ata aproximadamente os 39 anos; a partir de aquí, o número de mulleres vai aumentando en relación directa á idade; de xeito que no tramo de idade de “85 e máis”, o número de mulleres duplica ao dos homes.

3.2. Perfil sociodemográfico

- **A taxa de actividade** (calculada sobre a poboación de 16 e máis anos) de Galicia para todo o ano 2014, situouse no 53,8%; rexistrando un retroceso de case medio punto respecto ao ano anterior (- 0,4%).

Por sexo, a taxa de actividade masculina foi, en promedio anual, do 59%, mentres que a feminina foi do 49%, rexistrando un descenso sobre os promedios do ano anterior a masculina (- 0,9%) e manténdose no mesmo valor (49%) a feminina.

No que atinxe ás diferenzas co conxunto do Estado, vemos como Galicia rexistrou unha taxa de actividade 5,8 puntos porcentuais por embaixo da estatal (59,6%)

- **A taxa de paro** diminuíu de maneira continuada ao longo dos 4 trimestres do ano 2014 rematando o derradeiro trimestre de 2014 cunha taxa de 20,9%, e resultando, en promedio anual, unha diminución do paro respecto ao ano 2013 de - 0,3 puntos.

Por xénero, e en promedio anual, a taxa de paro masculina en 2014 foi semellante a feminina, 21,6% e 21,7%, respectivamente.

De compararmos a taxa de paro de Galicia coa nacional, vemos que as cifras saen favorables a nosa Comunidade xa que esta acada unha taxa 2,8 puntos inferior á estatal.

- **A taxa de ocupación ou de emprego** de Galicia (calculada sobre a poboación de 16 e máis anos) no primeiro trimestre de 2014 foi de 41,4%. En promedio anual (2013 - 2014) observamos como a ocupación en Galicia cae en -0,1 puntos (42,2 - 42,1%).



Por sexo, os homes seguen a ser os que rexistran as cifras máis altas, así a taxa de ocupación media masculina, do ano 2014, foi de 46,2%, mentres que a feminina foi de 38,4. No entanto, esta taxa séguese a reducir, ano a ano, en ambos os dous sexos.

Se a comparamos coa taxa estatal de 2014 esta mantén o seu diferencial verbo da galega chegando, en promedio anual, a 2,9 puntos de vantaxe (45,04 - 42,14%).

3.3. Tecido produtivo

- O tecido produtivo de Galicia permanece inalterables: as provincias da Coruña e Pontevedra concentran aproximadamente as tres cuartas partes da totalidade, tanto de empresas como dos traballadores e de autónomos.
- En canto á evolución do noso tecido produtivo, cómpre destacar que, na serie que se ofrece dende 2010, se moderou, nas catro provincias, a caída continua tanto do número de traballadores como a do número de autónomos, colectivos para os que o exercicio 2014 **xa presenta unha leve evolución positiva** (agás para os autónomos de Lugo) por vez primeira na serie .
No que se refire á evolución das empresas, merece unha mención aparte porque as empresas foron as únicas que no sector servizos, no ano 2012, experimentaron un notable aumento. Posteriormente, e no exercicio 2014, acadan tamen díxitos positivos en todos os sectores de actividade **por vez primeira en moitos anos**, trocando así, en parte, a evolución negativa nos sectores primario e de servizos que presentan, por fin, nesta serie unha evolución media levemente positiva. Cómpre lembrar que a explicación ao puntual aumento das empresas no exercicio 2012 no sector servizos hai que buscala nos cambios efectuados pola Seguridade Social onde, a partir de xaneiro de 2012, o réxime especial de empregados do fogar se integra no réxime xeral.
- O sector económico que rexistra maior número de autónomos, empresas e traballadores segue a ser o de **servizos**. É preciso sinalar que neste sector englobanse diversas actividades que van desde a limpeza, a hostalaría, o comercio ou os servizos xurídicos. Ao longo da serie 2010/2014 houbo unha evolución positiva no **número de empresas** no **Sector servizos** (coa matización debida ao ano 2012 debido aos mencionados cambios na Seguridade Social dos empregados do fogar), así como no **Sector primario**. Continuando coa dita serie temporal 2010/2014 o **Sector servizos** é único sector no que aumenta o número de **autónomos**, aínda que de xeito moderado; do mesmo xeito, no que respecta aos **traballadores**, é o único sector no que tamén experimenta unha lene milloría. Salientar a continuación na dura caída da variación media dos traballadores “**Sen Actividade**” (-36.84%)

3.4. Paro rexistrado

- A cifra total de parados rexistrados nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia a 31 de decembro de 2014, ascendía a 251.918 persoas, o que supón que diminuíu en 19.145 desempregados, respecto ao ano anterior, o que equivale, en termos relativos a unha diminución do paro rexistrado do - 7,06%.
- Polo que se refire ao sexo, o paro volva a diminuír, en 2014, máis no colectivo masculino que no feminino; así, malia que a tendencia (variación media anual) no quinquenio estudado segue a ser máis desfavorable ao colectivo masculino (2,21% contra 0,87%) a dita evolución en 2014 posibilita, de novo, que, en porcentaxe global na repartición do paro rexistrado, os homes volvan ter menos paro que as mulleres (48,19% contra 51,81).
- Por provincias, como era de esperar, foron as atlánticas as que rexistraron as maiores porcentaxes, englobando entre as dúas case o 80% do número total de desempregados rexistrados de Galicia.
- En canto ao comportamento do paro rexistrado ao longo dos doce meses do ano 2014, os datos reflicten que houbo unha leve variación respecto aos anos precedentes. No comezo do 2014 soamente no mes xaneiro de 2014 produciuse un crecemento dos parados, sendo así que a partir do mes de febreiro a situación invértese reducíndose o desemprego, para volver a medrar cara a partir do mes de setembro. Presentan logo os meses de febreiro e agosto unha variación intermensual *positiva* ao diminuír o número de parados. Observado isto, a evolución anual parece seguir indicándonos que a estacionalidade no emprego segue a ser a pauta.
- De referírmonos aos parados por idade e xénero, vemos como continua producíndose un progresivo envellecemento dos parados rexistrados, así a repartición de porcentaxes, que está moi igualada nas idades centrais, vaise deslizando cara os rangos de maior idade: o colectivo de “36 a 45” segue encabezaando a táboa (27,35%), pero seguido outra vez, no 2014, polo colectivo de “46 a 55”, rango que supera, por segundo ano consecutivo, ao rango de “26 a 35”. O rango de ≥ 56 continua, así mesmo, aumentado a súa proporción (18,30% contra o 16,98% do exercicio 2013). **A dita prelación nos rangos centrais de idade al térase no caso do colectivo dos homes** onda o rango de idade de “46 a 55” supera, o mesmo ca no 2013, ao rango de “36 a 45” (26,44% contra o 25,63%, respectivamente).
- De atendermos á evolución do desemprego por idade, vemos como o panorama xeneralizado foi o do seu incremento, especialmente nas idades centrais, co mentado, no parágrafo anterior, envellecemento, agás para o colectivo de “menores de 26 anos”, colectivo este que xunto o de “26 a 35 anos” presenta unha variación media negativa en todo o quinquenio 2010 / 2014 (- 10,25% e - 4,49%, respectivamente).
- Ao analizarmos o desemprego por nivel formativo, vemos que segue a mesma liña que nos anos anteriores, os desempregados concéntranse maioritariamente nas titulacións máis básicas, mentres que os titulados universitarios presentaban unhas cifras de desemprego sensiblemente inferiores. O colectivo onde máis medrou o paro, en termos relativos, no último quinquenio, acadando a maior variación media anual (5,87%), é o de “Outras Titulacións”, seguido polo de “Formación Profesional” (2,75%)



- No que atinxe aos parados rexistrados por antigüidade no paro, observamos que o grupo que levaba na procura dun emprego máis de 24 meses supoñen xa o 31,59% da totalidade, colectivo seguido por aqueles parados que levaban desempregados “de 1 a 3 meses”, un 16,59%. O colectivo de parados que levaba máis de dous anos sen traballar segue así a sufrir un aumento continuado do paro ao longo dos cinco últimos anos. No entanto, ao grupo que levaba parado entre 12 e 24 meses correspondeulle unha diminución na súa variación media anual do quinquenio pasando a presentar unha variación media quinquenal negativa (-6,48%); deste xeito o colectivo de desempregados de máis de 12 meses en situación de paro **diminúe** un pouco o seu peso agregado (-44,85%). En troques, os parados de curta duración (“un mes ou menos”) presentan un leve repunte nas súas cifras de paro (10,07%).
- No tocante aos desempregados por actividade económica de procedencia, a maioría dos parados concéntranse basicamente no sector servizos que presenta no 2014 un leve repunte na súa representación, en concreto o 61,16% fronte ao 59,45% do 2013, seguido do sector secundario e da construción que presentan no 2014 un nivel parello (13,67% e 13,57%, respectivamente). Por último o sector primario, o de menor importancia, só englobaba o 3,73% da totalidade dos parados.

Por sexo, case tres de cada catro mulleres desempregadas seguen procedendo do sector servizos, mentres que, pola contra, nos sectores da construción e primario apenas tiveron presenza. No caso dos homes a procedencia dos desempregados estivo máis repartida, así o 47,95% procedía dos servizos e o 25,51% da construción.

En canto á evolución dos parados rexistrados por sector económico, en xeral, houbo unha diminución no ritmo de incremento do desemprego. Así, por vez primeira, nos últimos anos, na serie quinquenal, o sector secundario e maila construción presentan senllas variacións medias negativas: -1,71% e -2,94%, tralo forte descenso do paro nos exercicios 2013 e 2014. O colectivo “Sen emprego anterior” continúa a súa favorable evolución acadando unha variación media quinquenal negativa de -8,5%.

- Se nos referimos aos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, as ocupacións englobadas no grupo de “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores” concentraron o 23,54%, seguido moi de cerca pola “ocupacións elementais” co 20,98%; de modo que só estes dous grupos acaparan case a metade dos parados galegos.

Por sexo, a maioría dos desempregados homes galegos concentrábase no gran grupo “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)” (33,98%), mentres que no caso dos parados mulleres, a maioría das desempregadas encadrábase no grupo de “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, co 36,35%.

- Das dez ocupacións máis demandadas que figuran no informe cabe dicir que engloban o 37,10% do total das ocupacións e que a maioría delas pertencen ao Sector Servizos. Encabeza a listaxe a ocupación “Dependentes de comercio, en xeral” englobando o 14,87%. Por outra banda, as ocupacións varían pouco respecto aos anos anteriores, polo tanto teñen as mesmas características: son ocupacións relacionadas cunha alta taxa de temporalidade, tamén

de precariedade e baixa cualificación. Ademais son marcadamente masculinizadas, caso das ocupacións vinculadas coa construción, ou feminizadas como as relacionadas co comercio e limpeza. As que contan cun número similar de presenza de ambos sexos son as menos.

3.5. Contratos

- O número de contratos rexistrados nas nosas oficinas de emprego ao longo do ano 2014 foi de 786.193, dos cales o 53,08% foi contratación masculina mentres que a feminina foi do 46,92%. As diferenzas de contratación entre sexos volven aumentar un ano máis quizais ao se recuperar a contratación no colectivo masculino.
A porcentaxe de contratos en Galicia supuxo o 4,70% do total da contratación do Estado, mantendo, practicamente, a mesma cota verbo do 2013.
A contratación aumentou significativamente en Galicia en 79.415 contratos, resultando, en termos relativos, un 11,24% máis.
- Da totalidade da contratación formalizada en Galicia, máis do 80% concentrábase nas provincias da Coruña (41,54%) e de Pontevedra (39,75%).
- Analizando a evolución mensual da contratación, ao longo do ano 2014, observamos como o ano comeza cun incremento no nivel de contratación, baixando esta en febreiro, pero, a partir de marzo, volve cambiar a tendencia e prodúcese un aumento ata xullo, dándose neste mes o incremento máis acusado; diminúe, logo, a contratación no mes de agosto; recupérase en setembro, para acabar diminuíndo ata o final do ano, observándose no mes de decembro un freo nesta inercia negativa (-0,60%). Así pois, tal e como acontecía na evolución mensual do paro, aquí tamén temos que falar do feito de que o aumento da contratación está relacionada coa “tempada de verán e do Nadal”.
- En canto á evolución do número de desempregados e de contratados, os datos reflicten unha diminución do desemprego e un aumento da contratación de marzo a xullo, pero esta secuencia acompañada de baixada de desempregados e subida de contratados non sempre coincide, como por exemplo no mes de agosto onde se rexistra unha redución simultánea de parados e contratados, ou no mes de setembro, mes no que soben á vez ambas as dúas magnitudes
- Por idade, podemos afirmar que o segmento da poboación con máis peso na contratación foi o de 26 a 35 anos (35,96%), mentres que, coa excepción do colectivo de “menos de 26 anos” que acadan o 17,85% dos contratos realizados, a medida que se avanza na idade das persoas contratadas as porcentaxes diminúen, así os maiores de 55 anos só acadaron o 4,22% da contratación.
En canto á evolución no último quinquenio 2010 / 2014, seguen a ser os mozos menores de 26 anos os que rexistran os peores datos sendo os únicos que acusaron un descenso continuo ao longo de todos os anos (- 4,63%); no lado oposto, están aquelas persoas que tiñan máis de 55 anos, as cales rexistraron unha tendencia positiva incrementando a contratación todos os anos do período (9,95%). Unha evolución positiva semellante dase nos grupos de idade de 36 a 45 e 46 a 55.
- En canto ao nivel de estudos na contratación, podemos dicir que o 38,60% subscribiuse con traballadores que tiñan “Titulación de ensino obrigatorio”, seguido dos que posuían “Ata certificado de escolaridade”, co 28,93%; ou dito doutro xeito, máis da metade dos contratos formalizados subscribíronse con persoas de baixa cualificación. Por sexo, nas titulacións máis baixas os homes son maioría pero a medida que a titulación aumenta a porcentaxe de mulleres



aumenta, así nos titulados universitarios o número de contratos a mulleres duplica ao dos homes.

No que se refire á evolución da contratación por nivel formativo nos últimos cinco anos, apreciamos un comportamento dispar dependendo do ano; en xeral pasouse dunha caída na contratación en case todos os niveis formativos nos anos 2011 e 2012. No ano 2013 rexistrouse un moderado incremento en todos os grupos formativos, salvo aqueles que tiñan titulación de ensino obrigatorio que caeron un 3,21% (e “Outras titulacións”, - 37,47%), e rematando a serie quinquenal no 2014 cunha suba xeralizada en todos os niveis formativos..

- O panorama xeral da contratación vén determinado pola preeminencia da contratación temporal, O 54,25% dos contratos formalizados foron temporais a xornada completa e, o 33,96%, a tempo parcial, mentres que o número de contratos indefinidos supuxo o 5,29% a xornada completa e o 2,57% a tempo parcial.

Por sexo, as mulleres teñen unha maior representación na contratación a tempo parcial, tanto nos contratos temporais coma nos indefinidos.

galicia



XUNTA
DE GALICIA